

LIBRO BRANCO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

**Maite Cancelo Márquez
Manuel Botana Agra
(Directores)**

**CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP)
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2019**

XUNTA DE GALICIA

LIBRO BRANCO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

Maite Cancelo Márquez y Manuel Botana Agra (Directores)

CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP)
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2019

Xunta de Galicia

DIRECTORES

Maite Cancelo. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Botana. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

EQUIPO INVESTIGADOR

Dolores Álvarez. Universidade de Santiago de Compostela

María Bastida. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Botana. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Maite Cancelo. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

M. Rosario Díaz-Vázquez. Universidade de Santiago de Compostela

Pilar Expósito. Universidade de Santiago de Compostela

Rafael Millán. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Fernando Miranda. Universidade de Santiago de Compostela

José Antonio Montero. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Ana Olveira. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Alberto Vaquero. Universidade de Vigo

Emilia Vázquez. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Libro Branco sobre a Economía Social en Galicia. 2018

Directores: Maite Cancelo Márquez y Manuel Botana Agra

Edita: CECOOP (Centro de Estudios Cooperativos da USC)

Imprime: Campus na Nube

ISBN: 978-84-09-16316-8

DLG: C 2084-2019

Financia: Xunta de Galicia

PRESENTACIÓN

Galicia afronta os retos do novo paradigma económico consciente de que para crecer e gañar en competitividade non é suficiente apostar polas novas tecnoloxías, pola innovación, polo talento ou pola formación. Se realmente queremos unha economía forte e diferenciada, temos tamén que promover unha economía xusta e equitativa, respectuosa coa súa contorna, centrada nas persoas e, sobre todo, incluínte.

Todos estes valores están presentes nas entidades que conforman a economía social e que, cada día, co seu traballo e esforzo, amosan que outro xeito de facer empresa é posible. Un modelo colaborativo que protexe o medio ambiente, defende o desenvolvemento local e crea unha sociedade máis igualitaria. En definitiva, a economía social pon o acento nun crecemento sustentable no que a prioridade é o benestar de todos os integrantes da nosa sociedade.

A Administración autonómica comparte os valores deste modelo que en Galicia ten contribuído á recuperación económica e que ten un importante peso en Galicia a través das súas preto de 5.000 entidades. A súa actividade, ademais, é esencial á hora de dinamizar a actividade económica no rural galego, fixando poboación e creando emprego de calidade.

A Lei da Economía Social, a Estratexia Galega nesta materia ata 2021 ou a recente constitución do Consello da Economía Social son froito do compromiso da Xunta por impulsar un desenvolvemento económico máis solidario. Iniciativas que permiten á Comunidade ser unha das rexións europeas “amigas da economía social”.

Todo este esforzo non é suficiente e, neste sentido, a publicación deste libro branco por parte da Universidade de Santiago de Compostela preséntase como un verdadeiro mapa deste sector en Galicia. Sen dúbida, unha ferramenta indispensable para coñecer con detalle a situación actual da economía social que, grazas a unha información rigorosa e accesible, facilita o traballo a todos os axentes do sector e permite ás administracións públicas identificar os principais retos e deseñar as medidas e políticas públicas máis axeitadas para darlles resposta.

Avanzar na investigación, na innovación e na formación nesta materia debe de ser o seguinte reto para que os estudantes, os emprendedores e os traballadores posúan os coñecementos precisos e poidan telos en conta á hora de iniciar a súa actividade.

Parabéns, por tanto, a todo o equipo do Centro de Estudos Cooperativos da USC por este labor de investigación e tamén a todas as entidades e persoas que fan posible visibilizar a dimensión que a economía social ten en Galicia.

El 4 de mayo de 2016 el Parlamento de Galicia aprobaba la primera ley de economía social de ámbito autonómico del territorio español, cinco años después de su homónima ley de ámbito estatal, a su vez, la primera ley europea en su ámbito. Constituye un referente para otras Comunidades Autónomas que están legislando en la actualidad en la materia o que se proponen en el futuro legislar.

Esta Ley 6/2016 reconoce el rol de las universidades al indicar en su Exposición de motivos “Se contempla la participación de la Administración local y de las universidades gallegas por su papel central en la investigación y divulgación”. Y este reconocimiento está justificado. Un ejemplo del papel central en la investigación es el trabajo colectivo realizado por doce personas pertenecientes a universidades gallegas dirigido a realizar un análisis de la realidad del conjunto de la economía social gallega.

Este estudio está dirigido por la profesora Maite Cancelo y Manuel Botana, directora y ex director del Centro de estudios cooperativos de la Universidad de Santiago de Compostela, universidad a la que está adscrita la mayoría del equipo investigador. El trabajo aborda el conjunto del ámbito de la economía social tomando referencia la citada Ley 6/2016 así como los principales estudios empíricos y metodológicos ya existentes. En el análisis pormenorizado llama la atención el rigor en la inclusión y relevancia de formas de entidades prácticamente inexistentes en otros territorios del país pero que son claves en la realidad socioeconómica gallega, como son las cofradías de pescadores y las comunidades y mancomunidades de montes vecinales en mano común. Estas últimas, las Comunidades de Montes Veciñais en Man Común son el colectivo de entidades más numeroso de la economía social gallega (2.994 entidades) y el segundo con mayor número de socios/comuneros (19.848), mientras las Confrarías concentran por sí solas un tercio del empleo de la economía social gallega. Es pertinente también la inclusión de una sección dedicada a las políticas de apoyo a la economía social de esta región y en especial a la RedEusumo que aparece explícitamente en la Ley 6/2016.

Desde CIRIEC-España queremos felicitar a las personas que han elaborado este estudio así como a las entidades, públicas y privadas, que le han hecho posible.

Valencia, 16 de octubre de 2019

Es bien sabido que las economías más avanzadas son las que hacen mayor uso del conocimiento en el conjunto de sus actividades productivas, y que lo vienen incorporando en ellas mediante un emprendimiento innovador y tecnológicamente avanzado, pero también es conocido que junto a la necesaria mejora de la competitividad, una economía verdaderamente de progreso debe ser socialmente comprometida y basada también en valores sociales.

Ello explica la alta correspondencia que existe entre el índice de progreso social, la competitividad y el peso en una economía de empresas como las cooperativas con un fuerte compromiso social, como recientemente veíamos en un informe de 2014 de Dave Grace Asociados para la Secretaría de Naciones Unidas.

Afortunadamente, esta idea es algo compartido en la UE en su Horizonte 2020 y así en la llamada estrategia de especialización inteligente RIS3 se trata de impulsar en el territorio europeo un crecimiento regional basado en una especialización inteligente, pero también integradora, inclusiva y sostenible.

Es en este punto donde muchos opinamos, que cobra un especial interés el impulso y desarrollo de un modelo como el representan las diferentes empresas y organizaciones de la economía social y de su relación cada día más estrecha con el mundo universitario, algo que permita unir cada vez más conocimiento y valores en el desempeño de la actividad económica.

Es bueno recordar una vez más que el centro de estas compañías y organizaciones de la economía social lo representan las personas, sus socios y miembros, cuyo interés defienden al igual, el de la sociedad en general por encima de las rentas de capital, e incorporan en sus prácticas de gobierno económico la participación y democracia, así es que se les reconoce como las empresas de rostro humano que se basan en la democracia económica. Por ello se alinean bien con valores sociales tan necesarios como son la inclusión, la integración y la sostenibilidad.

Es por todo ello que nos alegra el interés mostrado por el Gobierno de Galicia en conocer mejor lo que hoy representa y cuáles son sus principales retos de las empresas y organizaciones que conforman la economía social en este territorio.

Ello le permitirá desde un mejor conocimiento y diagnóstico el desarrollo de las mejores políticas públicas a favor de este sector que contribuyana un crecimiento basado en una economía inteligente y con valores que es la que garantiza un verdadero y sostenible progreso social, no podemos olvidar, como nos recuerda el premio Nobel de Economía Joseph Stiglitz, a la crisis a que nos condujo la apuesta por un modelo basado exclusivamente en lo que, el llama, fundamentalismo de mercado, que es una economía ausente de valores.

En referencia a la dirección y autoría de este importante y oportuno trabajo , decir que me alegra que este haya sido dirigido por dos personas bien conocidas y apreciadas por mí, como son el profesor Manuel Botana y la profesora Maite Cancelo, actual directora del centro, pero sobretudo la satisfacción es mayor ya que su conocimiento de la materia es la mejor garantía de la calidad y el rigor de este estudio, ambos desde CECOOP en la Universidad de Santiago han venido colaborando desde hace años con la Red de Centros e Institutos Universitarios de Investigación en Economía Social de CIRIEC-España de la que CECOOP forma parte desde su creación en 2003.

Me permitirán que testimonie mi felicitación y reconocimiento a ellos y al conjunto de autores que han colaborado en el trabajo, ya que han abordado el complejo y difíciltema de la delimitación y cuantificación de la Economía Socialhaciendo uso de la metodología que desde CIRIEC-España hemos ya utilizado en el libro blanco de la Economía Social en la Comunidad Valencianaque dirigimos junto a los profesores Rafael CHAVES y José Luis Monzón, y que, en la medida en que se vayan desarrollando estudios similares en otros territorios haciendo uso de la misma metodología, permitirán el mejor conocimiento del sector en toda España.

Termino felicitándolos por el rigor y detalle con el que han abordado tras esta cuantificación el diagnóstico y por las interesantes propuestas y recomendaciones que se enumeran que sin duda ayudarán al desarrollo de la Economía Social en Galicia y con ella, al progreso y riqueza de la región.

Desde hace más de 30 años el CIRIEC-Internacional y el CIRIEC-España ha centrado una parte significativa de sus investigaciones en la delimitación conceptual de la economía social y en el levantamiento de estadísticas de la misma. Puede afirmarse con satisfacción que el primero de los objetivos, el de la delimitación conceptual, ya está esencialmente resuelto. Por citar alguna de las referencias más conocidas cabe señalar el Manual de cuentas satélite de las empresas de la economía social: cooperativas y mutuas, realizado por el CIRIEC para la Comisión Europea y los tres Informes sobre la Economía Social Europea publicados por el Comité Económico y Social Europeo, también elaborados por el CIRIEC. En estos estudios se sintetizan en un único concepto los principios históricos y valores propios de la economía social, que son los del cooperativismo, y la metodología de los sistemas internacionales de contabilidad nacional, el SEC-2010 y el SCN-2008, de forma que el concepto de economía social integra a una gran pluralidad de actores, productores de mercado (cooperativas, empresas sociales, sociedades laborales, centros especiales de empleo, mutualidades y otras empresas de base asociativa) y productores no de mercado (mayoritariamente asociaciones y fundaciones).

En lo que concierne a la cuantificación de la economía social, su previa perimetración con criterios de contabilidad nacional permite levantar estadísticas con datos homogéneos, precisos y fiables con todo el mundo. Ya se han elaborado cuentas satélite en España, Bélgica, Portugal, Bulgaria, Serbia y Macedonia. Pero en este campo queda mucho camino por recorrer.

Para avanzar en el objetivo de la cuantificación la Comisión Científica del CIRIEC-España está promoviendo la elaboración de Libros Blancos en las diferentes comunidades autónomas de nuestro país, con los mismos criterios metodológicos que ya se han aplicado en el ámbito estatal y en otros países europeos. Por ello, hay que felicitar la iniciativa del Centros de Estudios Cooperativos de la Universidad de Santiago de Compostela (CECOOP) de elaborar el primer Libro Blanco de la Economía Social en Galicia. Un Libro Blanco que se

centra en uno de los dos grandes pilares de la economía social, el de los productores de mercado.

Un amplio equipo interdisciplinar de las universidades de Santiago y de Vigo ha abordado con gran rigor analítico la tarea de cuantificar la importancia de los diferentes productores de mercado que integran la economía social gallega, tras un mapeo exhaustivo de su realidad socioeconómica, siempre más rica y poliédrica que los modelos teóricos, y que permite integrar expresiones tan vibrantes de la economía social como, en el caso de Galicia, son las comunidades de Montes e Mancomunidades de Montes en man común.

Sin duda este Libro Blanco va a marcar un “antes” y un “después” en la economía social de Galicia. Quiero expresar mi sentimiento de gratitud a los investigadores que han hecho posible este Libro Blanco, al CECOOP, motor de la iniciativa del mismo, a su directora Maite Cancelo y, si se me permite una mención especial, a Manuel Botana, ejemplo a seguir de compromiso moral y rigor científico en este interminable quehacer por el progreso del conocimiento al servicio de una sociedad más justa, equitativa e inclusiva.

Enhorabuena a todos.

Índice

1. INTRODUCCIÓN 19

Maite Cancelo y Manuel Botana

2. A economía social en Galicia: delimitación conceptual e marco xurídico..... 21

Manuel Botana, José Antonio Montero e Rafael Millán

- 2.1. As empresas da Economía Social..... 21
- 2.2. O Terceiro Sector: entidades non lucrativas ou de acción social..... 22
- 2.3. Os principios da Economía Social 22
- 2.4. Delimitación conceptual da Economía Social adecuada ao Sistema Europeo de Contas Nacionais (SEC-2010) 23
- 2.5. Identificación dos diferentes actores da Economía Social na Clasificación de Sectores Institucionais do SEC-2010..... 23
- 2.6. Escenarios xurídicos de empresas de entidades da Economía Social. ... 25
- 2.7. Conclusións e recomendacións..... 34

3. As sociedades cooperativas galegas 37

María Bastida, Dolores Álvarez e Ana Oliveira

- 3.1. Introducción..... 37
- 3.2. Evolución recente do cooperativismo en Galicia..... 41
- 3.3. Distribución territorial das cooperativas activas en Galicia..... 45

3.4.	Distribución das cooperativas activas en Galicia por clase de cooperativa	49
3.5.	Distribución das cooperativas activas en Galicia por número de persoas socias (2018)	52
3.6.	Distribución das cooperativas activas en Galicia por actividade económica (2018)	56
3.7.	Conclusións	60
4.	As sociedades laborais	63
	<i>Maite Cancelo</i>	
4.1.	Concepto	63
4.2.	Principais datos	64
4.3.	Distribución sectorial	73
4.4.	Características dos socios	78
4.5.	Conclusións e recomendacións	79
4.6.	Referencias bibliográficas	80
5.	Empresas de inserción	81
	<i>M. Rosario Díaz-Vázquez</i>	
5.1.	Marco Normativo das Empresas de Inserción	81
5.2.	As empresas de inserción en Galicia	82
5.3.	Conclusións	90
6.	Os centros especiais de emprego	93
	<i>Pilar Expósito</i>	
6.1.	Introdución	93
6.2.	Normativa	93
6.3.	Tipoloxía dos centros especiais de emprego	94
6.4.	Forma xurídica	96
6.5.	Distribución provincial e sectores de actividade	97
6.6.	O emprego nos CEE	102
6.7.	Os contratos nos CEE	109
6.8.	Estrutura financeira e estrutura de ingresos	113
6.9.	Conclusións	117

7. As confrarías de pescadores119

Maite Cancelo e Fernando Miranda

7.1. Introducción.....	119
7.2. Principais datos das confrarías galegas.....	120
7.3. A flota pesqueira en Galicia.....	123
7.4. Permisos de marisqueo	127
7.5. Venda nas lonxas galegas	131
7.6. Principais conclusións e recomendacións	135
7.7. Referencias bibliográficas.....	137

8. As sociedades agrarias de transformación139

Maite Cancelo e Alberto Vaquero

8.1. Introducción.....	139
8.2. Concepto e características	140
8.3. As Sociedades de Transformación Agraria en Galicia	144
8.4. Recomendacións	149
8.5. Conclusións.....	150
8.6. Referencias bibliográficas.....	151

9. As comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común.....153

María Bastida e Alberto Vaquero

9.1. Introducción.....	153
9.2. Os montes veciñais en man común	154
9.3. Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC).....	158
9.4. Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común (MMVMC).	165
9.5. Conclusións.....	166
9.6. Recomendacións	167
9.7. Referencias bibliográficas	168

10.As mutuas de seguros e mutualidades de previsión social171

M. Rosario Díaz-Vázquez

10.1. Principais datos agregados.....	171
10.2. Marco legal	171

10.3. Identificación do sector en Galicia.....	173
10.4. Datos sociais e económicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social de Galicia	176
10.5. CONCLUSIÓNS	178
10.6. Referencias bibliográficas	179
 11.A entidade singular ONCE e a Fundación ONCE	181
<i>Emilia Vázquez</i>	
11.1. Introducción	181
11.2. Composición do Grupo Social ONCE	182
11.3. Análise económico do Grupo ONCE	184
11.4. Conclusións	188
11.5. Referencias bibliográficas.....	189
 12.Políticas públicas para o desenvolvemento da economía social e o asociacionismo	191
<i>María Bastida, Alberto Vaquero e Ana Oliveira</i>	
12.1. Introducción	191
12.2. Marco xeral.....	192
12.3. Marco autonómico.....	198
12.4. Tecido asociativo de apoio á economía social.....	204
12.5. Referencias bibliográficas.....	211
 13.As entidades da Economía Social Galega máis representativas no contexto nacional	213
<i>Maite Cancelo</i>	
13.1. Introducción	213
13.2. Cooperativas.....	214
13.3. Sociedades Laborais.....	215
13.4. Centros Especiais de Emprego.....	217
13.5. Outras entidades da Economía Social recollidas no estudo.....	218
13.6. Referencias bibliográficas.....	219

14. RESUMO EXECUTIVO	221
<i>Maite Cancelo e Emilia Vázquez</i>	
14.1. Resumo xeral.....	221
14.2. Contexto xurídico.....	223
14.3. Cooperativas.....	225
14.4. Sociedades Laborais.....	226
14.5. Empresas de Inserción	227
14.6. Centros Especiais de Emprego.....	228
14.7. As confrarías de pescadores.....	229
14.8. Sociedades agrarias de Transformación	230
14.9. Comunidades de Montes e Mancomunidades de Montes en Man Común.....	231
14.10. Mutualidades	232
14.11. ONCE.....	233
14.12. POLÍTICAS PÚBLICAS E FINANCIAMENTO	234
15. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	235
15.1. Normativa.....	237
16. ÍNDICE DE cadros, GRÁFICOS e TÁBOAS	239
16.1. Cadros.....	239
16.2. Gráficos	239
16.3. Táboas	242

1. INTRODUCCIÓN

O Libro Branco da Economía Social de Galicia ten como obxectivo principal cuantificar a importancia que na nosa Comunidade Autónoma ten todo o conxunto de familias que compoñen a Economía Social (ES), a partir das fontes de datos dispoñibles. Outro obxectivo perseguido é visibilizar e analizar, facendo algunhas reflexións, as distintas fórmulas xurídicas e fórmulas asociativas e a súa contribución a economía galega.

A metodoloxía aplicada é a proposta por CIRIEC-España, que xa foi utilizada na elaboración do “Libro Blanco del Cooperativismo y la Economía Social de la Comunidad Valenciana” (Chaves, Juliá e Monzón, 2018), con dúas diferenzas: a inclusión das comunidades de Montes e Mancomunidades de Montes en Man Común, como fórmula asociativa singular do Código Civil galego e a análise circunscrita ás entidades produtoras de mercado da ES en Galicia.

O noso agradecemento e recoñecemento do traballo de todas as persoas que colaboraron na realización deste Libro Branco, profesoras, profesores e investigadoras das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo, moitos membros do CECOOP, que pertencen a distintas áreas de coñecemento (dereito, economía aplicada, economía cuantitativa e organización de empresas).

Tamén agradecer, por suposto, á Consellería de Economía, Emprego e Industria polo seu apoio, económico e de información, para a realización de este traballo, así como a toda a actividade que se leva a cabo dende este Centro de Estudos Cooperativos de Galicia, de investigación, pero tamén de divulgación e, polo tanto, visibilización da Economía Social en Galicia.

Os agradecementos se estenden a todas as persoas que colaboraron e axudaron, con diversas achegas á realización do mesmo. Empezando polos investigadores de CIRIEC España, Rafa Chaves e José Luís Monzón (Director de CIRIEC-España) por compartir

connosco o seu coñecemento sobre o sector e a metodoloxía seguida na elaboración do Libro Branco da Economía Valenciana publicada a finais do ano pasado. Por último agradecer o apoio recibido dende diversos departamentos da Xunta de Galicia e dende o propio sector.

O traballo estruturase en 13 capítulos. Sempre que foi posible, desagregouse a información por sexo.

No capítulo 2 abórdase a delimitación conceptual e o marco xurídico, recollendo as casuísticas destas empresas ás que as unen uns principios e valores pero que, xuridicamente, vense afectadas por normativas distintas.

Como primeira gran familia da ES, no capítulo 3, analízase a evolución, a distribución territorial e os tipos de sociedades cooperativas galegas.

O capítulo 4 dedícase as Sociedades Laborais, onde se recollen os principais datos destas entidades, a súa distribución sectorial ou as características dos socios, analizando as diferenzas no só por tipo de socio (capitalista/traballador) senón polo xénero dos mesmos.

O capítulo 5 recolle as características das Empresas de Inserción Laborais e os principais datos destas empresas en Galicia.

No capítulo 6 analízanse os Centros Especiais de Emprego, segundo as súas tipoloxías, por provincias, sectores de actividade, emprego, e a súa estrutura financeira.

O capítulo 7 recolle a principal información estatística sobre as Confrarías de pescadores pero tamén analízanse algúns datos do sector pesqueiro, os permisos de marisqueo e as vendas nas lonxas pesqueiras.

As Sociedades de Transformación Agraria en Galicia ocupan o capítulo 8. O seu concepto, características e os principais datos estatísticos son abordados nel.

O capítulo 9 dedícase as Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común.

O 10 recolle os principais datos sociais e económicos das Mutuas de seguros e Mutualidades de Previsión Social en Galicia.

A Entidade singular ONCE e a Fundación ONCE, recóllese no capítulo 11, onde se fai unha territorialización da súa actividade na Comunidade Autónoma galega.

A revisión das políticas públicas e tecido asociativo de apoio á economía social teñen o seu oco no capítulo 12.

No 13 analízanse as entidades da ES referentes en Galicia, segundo o estudo da patronal CEPES publicado neste ano.

Para finalizar, no capítulo 14, preséntase un resumo executivo da principal información das entidades analizadas ao longo do traballo, así como, unha serie de recomendacións.

2. A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA: DELIMITACIÓN CONCEPTUAL E MARCO XURÍDICO

2.1. As empresas da Economía Social

A Economía Social (ES) engloba un conxunto de actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen, ou ben o interese colectivo das persoas que o integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual. As empresas da Economía Social son moi variadas, e teñen diferentes estatutos xurídicos: cooperativas, sociedades laborais, sociedades agrarias de transformación, confrarías de pescadores, outras empresas de base asociativa e, mesmo, sociedades mercantís, a condición de que respecten e réxanse polos principios da economía social.

Como dicíamos, a Economía Social xorde para atender as necesidades do colectivo que integra as diferentes entidades ou as necesidades colectivas, é dicir, o interese xeral. As empresas da ES fundaméntanse en dous eixos: por unha banda, o seu obxectivo último é a consecución dos seus fins, sendo estes a atención das mencionadas necesidades sociais, por encima da procura do capital; e, doutra banda, a primacía das persoas que ten como consecuencia a toma de decisións de forma democrática. Ambos eixos de funcionamento levan que os resultados do exercicio teñan como destinatario tanto o fin social como as persoas integrantes en función do traballo achegado.

2.2. O Terceiro Sector: entidades non lucrativas ou de acción social.

Dentro das empresas da Economía Social, existe o denominado Terceiro Sector composto, fundamentalmente, por entidades sen ánimo de lucro que se financian con axudas públicas, soporte dos socios ou outras rendas patrimoniais, e que non reparten os seus beneficios entre os socios posto que se reinvesten en alcanzar os fins sociais pretendidos polas devanditas entidades. Confórmanse maioritariamente por asociacións con funcionamento democrático que dan resposta gratuíta a necesidades sociais da cidadanía en diferentes sectores.

Ademais, existe un subsector dentro do manifestado anteriormente, coñecido como terceiro sector de acción social que, tamén centran todos os seus recursos en alcanzar os seus fins sociais, sendo estes a acción fronte ás desigualdades sociais. A súa actuación diríxese a colectivos vulnerables socialmente, por motivos económicos, de xénero, de etnia ou calquera tipo de exclusión social. Son maioritariamente Organizacións non Governamentais (ONGs), entidades de cooperación internacional ao desenvolvemento ou de defensa do medio ambiente.

2.3. Os principios da Economía Social

A economía social, como se relacionou anteriormente, está constituída por unha gran pluralidade de entidades, que actúan no mercado ou fóra do mercado. Con todo, todos eles comparten principios e fundamentos que permiten outorgarlle a singularidade que lles diferencia do resto de actores do mercado. Estes principios están recollidos na *Carta de Principios da Economía Social*, inspirada nos coñecidos *Principios Cooperativos da Alianza Cooperativa Internacional (ACI)* e promovida pola organización europea *Economía Social Europea, Social Economy Europe (SEE)*, que representa ás cooperativas, mutualidades, asociacións e fundacións, e que son os seguintes:

- Primacía da persoa e do obxecto social sobre o capital
- Adhesión voluntaria e aberta
- Control democrático polos seus membros (excepto para as fundacións, que non teñen socios)
- Conxunción dos intereses dos membros usuarios e do interese xeral
- Defensa e aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade
- Autonomía de xestión e independencia respecto dos poderes públicosDestino da maioría dos excedentes á consecución de obxectivos a favor do desenvolvemento sustentable, a mellora dos servizos aos membros e do interese xeral.

Ademais dos principios referenciados, a Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía social de Galicia engade, no seu artigo quinto, dous principios máis que son os seguintes:

- O compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.

- O fortalecemento da democracia institucional e económica.

2.4. Delimitación conceptual da Economía Social adecuada ao Sistema Europeo de Contas Nacionais (SEC-2010)

A materialización das políticas na Unión Europea e a supervisión das planificacións económicas dos Estados membros e da Unión Económica e Monetaria esixen que se conten con datos comparables, actualizados e fiables sobre a estrutura da economía e a evolución da situación económica de cada Estado membro ou rexión. Para ese efecto promovéronse o SEC-2010 e o SCN-2008 como delimitación conceptual que se pode consultar no **Manual para a elaboración das contas satélite das empresas da Economía Social: cooperativas e mutuas** e no tres **Informes sobre A Economía Social na Unión Europea**.

De conformidade coa devandita delimitación conceptual e utilizando a terminoloxía propia do SEC-2010, a economía social confórmase en dous grandes subsectores: a) o subsector capitalista ou de mercado e b) o subsector de entidades non de mercado. As características comúns de ambos subsectores son as seguintes:

- 1 Non pertencen ao sector público, senón que son entidades privadas;
- 2 Como norma xeral, teñen personalidade xurídica propia;
- 3 Completa capacidade de obrar para auto organizarse e tomar as decisións para a consecución dos seus fins;
- 4 Con liberdade de adhesión, ou sexa, que non son de afiliación obrigatoria;
- 5 A repartición de beneficios aos socios, no caso de que se produza, realízase en base ao traballo achegado á entidade, independentemente do capital achegado;
- 6 Exercent a actividade económica co obxectivo de buscar a consecución dos seus fins, os cales se basean en atender necesidades sociais;
- 7 Estas entidades fundaméntanse no principio democrático. Salvo excepcións concretas, a toma de decisións réxese polo principio de: **unha persoa, un voto**.

2.5. Identificación dos diferentes actores da Economía Social na Clasificación de Sectores Institucionais do SEC-2010

Os Estados membros contan cunha pluralidade de actores que interveñen na actividade económica agrupándose en sectores institucionais en base a dous criterios: a) entidade capitalista, de mercado, ou non e b) dependendo do fin ou obxectivo da actividade da entidade.

De conformidade co anterior, o SEC-2010 distingue *cinco sectores institucionais* mutuamente excluíntes que configuran a economía nacional: 1) as sociedades non financeiras (S11); 2) institucións financeiras (S12); 3) as administracións públicas (S13); 4) os fogares (S14); 5) as institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSH) (S15).

A produción de mercado é aquela cuxo destino principal é a venda no mercado a prezos economicamente significativos, entendendo por tales cando as vendas da produción cobren como mínimo o 50% dos custos de produción.

A produción non de mercado é a produción fornecida a outras entidades de forma gratuíta ou a prezos economicamente non significativos, de modo que se as vendas cobren menos do 50% dos custos de produción a unidade institucional clasifícase eno sector ISFLSH ou no sector Administracións Públicas. As institucións sen fins de lucro ao servizo das empresas son consideradas polo SEC-2010 como produtores de mercado e clasifícanse no sector sociedades non financeiras ou o sector de institucións financeiras.

Considerando a delimitación conceptual da economía social, a identificación dos actores que a integran en España e na Comunidade Autónoma Galega e a súa clasificación por sectores institucionais do SEC-2010 vén reflectida no Cadro 2.1.

Cadro 2.1. Os actores Social clasificados por sectores institucionais do SEC-2010

SECTOR INSTITUCIONAL DEL SEC-2010		EMPRESAS Y ORGANIZACIONES MICROECONÓMICAS DE LA ECONOMÍA SOCIAL
PRODUCTORES DE MERCADO	Sociedades no financieras (S11)	• Cooperativas (de trabajo asociado, agroalimentarias, de consumidores, de enseñanza, transportes, viviendas, sanitarias, sociales, etc....) • Empresas sociales • Otras empresas de base asociativa • Otros productores de mercado privados (algunas asociaciones y otras personas jurídicas) • Instituciones sin fines de lucro al servicio de entidades no financieras de la economía social • Empresas mercantiles no financieras controladas por la economía social
	Sociedades financieras (S12)	• Cooperativas de crédito • Mutuas de seguros* y Mutualidades de Previsión Social • Cooperativas de seguros • Instituciones sin fines de lucro al servicio de entidades no financieras de la economía social
PRODUCTORES NO DE MERCADO	Administraciones Públicas (S13)	
	Hogares (S14)**	• Instituciones sin fines de lucro al servicio de los Hogares de escasa importancia
	Instituciones sin Fines de Lucro al Servicio de los Hogares (S15)	• Asociaciones de acción social *** • Fundaciones de acción social *** • Otras instituciones sin fines de lucro al servicio de los hogares (culturales, deportivas, ...)

Fonte: Chaves, Juliá e Monzón (2018)

(*) As entidades xestoras dos sistemas de Seguridade Social e, en xeral, as mutuas de afiliación obrigatoria e as controladas por empresas non pertencentes á economía social quedan excluídas do ámbito de observación e análise.

(**) O sector Fogares (S14) inclúe ás empresas individuais e ás sociedades personalistas sen personalidade xurídica, que son produtores de mercado e non pertencen á economía social. Pero tamén inclúe a entidades non lucrativas de escasa importancia que son produtores non de mercado. (***) Entidades non lucrativas produtoras non de mercado de natureza privada, adhesión e participación voluntaria e autonomía estratéxica e operativa, cuxa finalidade consiste ena consecución de obxectivos de benestar social mediante a subministración ou provisión de bens e servizos sociais ou preferentes, gratuitamente ou a prezos economicamente non significativos, a persoas

ou grupos de persoas vulnerables, socialmente excluídas ou en risco de exclusión. Ademais, entidades non lucrativas de cooperación ao desenvolvemento e defensa do medio ambiente. Estas entidades conforman o *Terceiro Sector de Acción Social* que, obviamente, é parte integrante da ES.

2.6. Escenarios xurídicos de empresas de entidades da Economía Social.

2.6.1. Introducción

A Economía Social obtivo o recoñecemento legal en España coa **Lei nº 5 de 29 de marzo de 2011 de Economía Social** (LES) publicada no BOE de 30 de marzo. Dita Lei ten por obxecto, establecer un marco xurídico común para o conxunto de entidades que integran a Economía Social sen alterar o réxime específico aplicable a cada unha delas e, determinar as medidas de fomento a favor das mesmas, en atención aos fins, e principios que lle son propios (art. 1 LES).

A Lei define a Economía Social como un conxunto de actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo determinadas entidades que, actuando conforme cos principios orientadores da ES, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos (art. 2 LES).

Son principios orientadores da Economía Social (art. 4 LES):

- a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta en xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.
- b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade.
- c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.
- d) Independencia respecto dos poderes públicos.

A Lei recoñece como entidades que forman parte da Economía Social, as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que levan a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior. Tamén recoñece que poderán formar parte da ES outras entidades que por cumprir os anteriores requisitos sexan incluídas no catálogo de entidades da Economía Social que regula a Lei (art. 5 LES).

O ámbito de aplicación da Lei de Economía Social esténdese a todas as entidades da ES que actúen dentro do Estado, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder as comunidades autónomas (art. 3 LES). Estas asumiron a través dos seus estatutos de autonomía e de leis de transferencia ou delegación (art. 150.2 CE), diversas competencias lexislativas, de desenvolvemento e de execución, en relación coa regulación e fomento das entidades da Economía Social.

2.6.2. Competencias da Comunidade Autónoma Galega en materia de Economía Social

A Comunidade Autónoma Galega, conforme ao seu Estatuto de Autonomía (EA), aprobado por Lei Orgánica 1/1981 e modificado por última vez en xullo de 2010, ten:

- e) Competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, para o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia (art. 30.1.1 EA) e das institucións de crédito corporativo, público e territorial e Caixas de Aforro (art. 30.1.5 EA).
- f) Competencia no desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que esta estableza, das entidades cooperativas (art. 28.7 EA).
- g) Competencia exclusiva, sen prexuízo do disposto no artigo 149 da Constitución, para regular as Confrarías de Pescadores (art. 27.29 EA).
- h) Competencia exclusiva para regular o réxime das fundacións de interese galego (art. 27.26 EA).

Galicia, a diferenza das comunidades de Cataluña (O 6/2006, arts. 45.5 e 124.4) ou Andalucía (O 2/2007, arts. 58.1, 157.4, 163.2, e 172.2), non asumiu competencia exclusiva para a ordenación do sector da Economía Social, senón só para o seu fomento (art. 80 EA), do mesmo xeito que as comunidades de Aragón, Comunidade Valenciana e Castela e León. Non en tanto, iso non impediu a regulación da Economía Social. O 4 de maio de 2016 foi aprobada a Lei da Economía Social de Galicia, sobre a base da súa competencia exclusiva para o fomento e planificación da actividade económica de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral do Estado (art. 30.1.1 EA Galicia). Esta lei nace co obxectivo de establecer unha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que integran a ES en Galicia, así como orientar as accións de fomento e impulso con pleno respecto á normativa específica que se aplica a cada clase de entidades, e a normativa básica estatal contida na Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social.

Como consecuencia deste abanico de competencias da Comunidade Autónoma Galega, aprobáronse numerosas normas de regulación e fomento da Economía Social.

2.6.3. O marco xurídico da economía social na Comunidade Autónoma Galega

Cooperativas

Galicia regula as cooperativas que desenvolvan a súa actividade con carácter principal dentro do territorio da Comunidade Galega. Aquelas cooperativas cuxa actividade cooperativizada non se desenvolva principalmente neste territorio, rexeranse pola lei autonómica que corresponda ou na súa falta, pola Lei estatal 27/1999, de 16 de xullo de Cooperativas. As cooperativas galegas, deberán indicar esta circunstancia na súa denominación ("Sociedade Cooperativa Galega" ou "S. Coop. Galega") e rexeranse pola **Lei 5/1998, de 18 de decembro**, de Cooperativas de Galicia.

Esta Lei define a cooperativa como unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa dos mesmos, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada.

A Lei contén o réxime xurídico xeneral da cooperativa e normas específicas para as distintas clases de cooperativas; tamén regula a cooperación entre cooperativas, o fomento destas e a relación entre a Administración pública e o cooperativismo. Outras disposicións que completan o réxime xurídico galego das cooperativas son: o **Decreto 430/2001** que aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia ou o **Decreto 25/2001** que regula a organización e o funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.

Sociedades Laborais

As sociedades laborais son sociedades mercantís que se rexen pola Lei 44/2015, de 14 de outubro, de Sociedades Laborais e Participadas, que se define porque polo menos a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan servizos retribuídos na sociedade e que ningún dos socios é propietario de accións ou participacións que representen máis da terceira parte do capital social salvo algunhas excepcións contempladas na Lei.

Ao ser as sociedades laborais sociedades mercantís (lexislación mercantil), a súa regulación é competencia exclusiva do Estado e non ten competencia a Comunidade Autónoma Galega para a súa regulación, pero si para a súa cualificación e rexistro administrativo (RD. 1456/1989). Correspondendo estas competencias actualmente a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

As sociedades laborais réxense pola **Lei estatal 44/2015, de 14 de outubro de Sociedades Laborais e Participadas** e o seu Rexistro Administrativo polo **Real Decreto 2114/1998**, de 2 de outubro, aínda que segundo a citada Lei, o Goberno debería aprobar un novo Real Decreto de regulación deste Rexistro antes de outubro de 2016 (Disposición final cuarta Lei 44/2015).

Sociedades Agrarias de Transformación

As Sociedades Agrarias de Transformación, en diante SAT, son sociedades civís de finalidade económico-social en orde á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, a realización de melloras no medio rural, promoción e desenvolvemento agrarios e a prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade. As SAT gozarán de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento da súa finalidade desde a súa inscrición no Rexistro Xeral de SAT.

Ao ser sociedade civil, a competencia para a súa regulación é exclusiva do Estado (lexislación civil) e contense no **Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto** que aproba o Estatuto que regula as Sociedades Agrarias de Transformación, e na **Orde de 14 de setembro de 1982** que desenvolve o anterior.

Con todo, a Comunidade Autónoma Galega que ten competencias exclusivas en materia de agricultura e gandería (art. 30.1.3º EA), asumiu tamén competencias en materia de cualificación e rexistro das Sociedades Agrarias de Transformación por Real Decreto 795/1985. O Rexistro Galego destas sociedades creouse por Orde **de 29 de abril de 1988** e depende da Consellería do Medio Rural.

Confrarías de pescadores

As confrarías de pescadores regúlanse en **a Lei estatal 3/2001 de 26 de marzo de Pesca Marítima do Estado** (arts. 45 a 51), que se considera lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro (Disposición adicional segunda, 2 da devandita Lei) e por tanto aplicable en todo o Estado, tamén, respectando a anterior, na **Lei 11/2008 de 3 de decembro de pesca de Galicia** (art. 78 a 95), e, por último, polo **Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións**. As confrarías de pescadores son corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, representativas de intereses económicos, que actúan como órganos de consulta e colaboración das administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro. Pero as confrarías de pesca tamén poden prestar servizos aos seus membros e administrar os recursos propios do seu patrimonio. Así mesmo, o Decreto 8/2014 permite ás confrarías a realización de actividades de organización e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura. As confrarías para o cumprimento dos seus fins integranse, voluntaria e libremente, polas persoas armadoras e propietarias das embarcacións de pesca, os traballadores e traballadoras do sector pesqueiro extractivo e as persoas posuidoras dun título administrativo habilitante para o exercicio do marisqueo. As confrarías da Comunidade Autónoma Galega rexeráse por lexislación básica estatal contida na citada Lei 3/2001, polo disposto na Lei galega 11/2008, no Decreto 8/2014 e noutras que no seu desenvolvemento dite a Xunta de Galicia, e polos seus respectivos estatutos.

Mutuas de seguros

As mutuas de seguros son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro, constituídas baixo os principios de solidariedade e a axuda mutua nas que se unen voluntariamente, financiando unha institución que ten por obxecto a cobertura aos seus socios, persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados.

As mutuas tradicionalmente distinguíronse segundo fosen de prima fixa ou variable. Nas primeiras os mutualistas abonan unha prima fixa ao comezo do período de risco, e nas segundas, fundadas no principio de axuda recíproca, a derrama abónase con posterioridade aos sinistros, sendo a responsabilidade dos mutualistas mancomunada e proporcional ao importe dos respectivos capitais asegurados, pero limitada ao devandito importe.

Como entidades aseguradoras, a lexislación básica que regula as mutuas de seguros é competencia exclusiva do Estado e réxense pola **Lei 20/2015, de 14 de xullo de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras** e reaseguradoras, e o **R.D. 1060/2015**, de 20 de novembro, que a desenvolve. Con todo, esta Lei mantén en vigor determinados preceptos da anterior lei de ordenación e supervisión do sector (R. D. Lexislativo 6/2004) que afectan ás mutuas de seguros, mutualidades de previsión social e cooperativas de seguros, en particular os artigos: 9 (Mutuas e cooperativas a prima fixa), 10 (Mutuas e cooperativas a prima variable) e 24 (Transformación, fusión, escisión e agrupación); ata que, segundo a exposición de motivos, "*acométase unha regulación específica para as mutuas e, en particular, do seu réxime xurídico de disolución, transformación, fusión, escisión e cesión global de activo epasivo*".

Mutualidades de previsión

As mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema de Seguridade Social obrigatorio, mediante achegas dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou doutras entidades ou persoas protectoras.

Do mesmo xeito que coas mutuas e cooperativas de seguros, o Estado é o competente para regular a normativa básica nesta materia, a cal se contén na **Lei 20/2015 e o R.D. 1060/2015** anteriormente citados, que regulan a ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras, e no **Real Decreto 1430/2002, de 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de mutualidades de previsión social**, cuxo contido se cualifica, na súa maior parte, como normativa básica (Disposición final primeira).

O Real Decreto 1642/1996, transferiu funcións e servizos á Comunidade Autónoma Galega en materia de Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social.

Para ese efecto, Galicia desenvolveu normativa sobre mutualidades de previsión social aplicable neste territorio, concretamente, a Orde de 5 de maio de 1999 pola que se crea o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade

Social e o Decreto 277/1999, de 14 de outubro, polo que se regula a cualificación de xubilación mutua protexida.

Asociacións

Unha asociación é unha persoa xurídica que se constitúe mediante acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, que se comprometen a pór en común coñecementos, medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular, e que se dotan dos estatutos que rexen o seu funcionamento.

Proclamado como dereito fundamental polo artigo 22 da Constitución Española de 1978, o dereito de asociación desenvólvese na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, onde se establece que o dereito de asociación inclúe o dereito á inscrición no Rexistro de Asociacións competente, aos efectos de publicidade, que só poderá ser denegado cando non se reúnan os requisitos establecidos na referida lei orgánica. O Estado ten competencia exclusiva para desenvolver o Dereito de Asociación que realiza mediante a referenciada Lei Orgánica ao tratarse dun dereito fundamental; non habendo normativa autonómica en Galicia.

Outras normas estatais de interese para as asociacións son as que regulan o Terceiro Sector de Acción Social (**Lei 43/2015**, de 9 de outubro); o réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos (**Lei 49/2002**, de 23 de decembro), ou o Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

Fundacións

Son fundacións as organizacións constituídas sen ánimo de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral, tal e como dispón o artigo 2 da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións. Estas organizacións rexeranse pola vontade dos seus creadores, os Estatutos e, en todo caso, a referenciada Lei.

As fundacións deberán perseguir fins de interese xeral, como poden ser, entre outros, os de defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo e actos violentos, asistencia social e inclusión social, cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, laborais, de fortalecemento institucional, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción do voluntariado, de promoción da acción social, de defensa do medio ambiente, e de fomento da Economía Social, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais ou culturais, de promoción dos valores constitucionais e defensa dos principios democráticos, de fomento da tolerancia, de desenvolvemento da sociedade da información, ou de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (art. 3.1. Lei 50/2002). A finalidade fundacional debe beneficiar a colectividades xenéricas de persoas e en ningún caso poden constituírse fundacións coa finalidade principal de destinar

as súas prestacións ao fundador ou os patróns, os seus cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, ou aos seus parentes ata o cuarto grao inclusive, así como a persoas xurídicas singularizadas que non persigan fins de interese xeral.

Para o cumprimento dos seus fins, a fundación pode desenvolver actividades económicas, pero, neste caso, os ingresos obtidos destinaranse nun 70%, polo menos, aos seus fins fundacionais; e en caso de disolución, ou haber líquido, destinarase a outras fundacións e entidades non lucrativas que persigan fins de interese xeral, atendendo á vontade do fundador.

A Constitución reconece o dereito de fundación de todos os cidadáns para fins de interese xeral (art. 34.1 CE) e o Estado regula as fundacións na **Lei 50/2002, de 26 de decembro**. No **RD. 1337/2005**, de 11 de novembro establece o seu Regulamento de desenvolvemento, e no **RD. 1611/2007**, de 7 de decembro, o Regulamento do Rexistro central de Fundacións. Este Rexistro quedou adscrito á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado por RD. 453/2012, pero non entrou en funcionamento ata a Orde PRE/2537/2015, de 26 de novembro.

A Comunidade Autónoma Galega asumiu competencias exclusivas para regular o réxime das fundacións de interese galego (art. 27.26 EA). Estas competencias desenvólvense na **Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego**. Nesta lei queda regulado o réxime daquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolver principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma galega.

Outras normas estatais de interese para as fundacións son as vistas anteriormente en relación co Terceiro Sector de Acción Social; o réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, ou as normas de adaptación ao Plan Xeral de Contabilidade a estas.

Caixas de aforro

As caixas de aforro defínense como entidades de crédito de natureza fundacional e carácter social que, sen ánimo de lucro, orientan a súa actividade á consecución de intereses xerais.

Galicia asumiu competencias exclusivas para regular as caixas de aforro de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado (art. 30.1.5 EA). En relación á mencionada competencia, elaboráronse a Lei 7/1985, de 17 de xullo, e a lei 4/1996, de 31 de maio. Estas últimas leis foron modificadas sucesivas veces o que esixiu elaborar un **Texto Refundido de caixas de aforro de Galicia, aprobado por Decreto Legislativo 1/2005**, de 10 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia. Con todo, a publicación da **Lei estatal 26/2013**, de 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, supuxo un cambio substancial na normativa básica do Estado en materia de caixas de aforros.

Ademais da normativa referenciada en Galicia, é de aplicación ás caixas de aforro galegas a **Orde do 31 de maio de 2006 pola que se regula a publicidade das caixas de aforro**,

a **Orde do 10 de maio de 2006 sobre autorizacións previas a determinadas operacións das caixas de aforros galegas**, o **Decreto 166/2005, de 9 de xuño**, polo que se modifica o **Decreto 240/1998, de 24 de xullo**, polo que se regula a figura do Valedor do Cliente das Caixas de Aforros, o **Decreto 241/2000, de 29 de setembro**, polo que se regula o procedemento sancionador aplicable ás caixas de aforros de Galicia, o **Decreto 261/1999, de 17 de setembro**, polo que se desenvolve a regulación da obra benéfico-social das caixas de aforros galegas, o **Decreto 270/1998, de 24 de setembro**, polo que desenvolve a organización e funcionamento da Oficina de Reclamacións de Clientes das caixas de aforros e o **Decreto 153/1989, de 27 de xullo**, dos órganos reitores das caixas de aforros galegas.

Empresas de inserción

As empresas de inserción son sociedades mercantís ou cooperativas, sen ánimo de lucro, consideradas estruturas produtivas porque producen bens e servizos co obxectivo de integrar a persoas en risco de exclusión social. Supoñen un instrumento de intervención socio-laboral para facilitar a incorporación ao mercado ordinario de traballo. Teñen un marcado carácter temporal posto que a súa finalidade é, unicamente, inserir ás persoas que teñen dificultades para acceder ao mercado de traballo.

As empresas de inserción regúlanse polo lexislador estatal na **Lei 44/2007, de 13 de decembro**, amparado na súa competencia exclusiva en materia de lexislación laboral (art. 149.1.7ª CE), e a Comunidade Autónoma Galega ten competencia exclusiva en materia de asistencia social (art. 27.23 EA) e a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral (art. 29.1 EA), polo que se aprobou o **Decreto 156/2007, de 19 de xullo**, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, créase o seu rexistro administrativo e establécense as medidas para o fomento da inserción socio-laboral.

Ademais do Rexistro administrativo de empresas de inserción creado polo Decreto 156/2007, existe outro Rexistro de empresas de inserción no Ministerio de Traballo, regulado polo Real **Decreto 49/2010** e que ten por obxectivo coordinar e intercambiar información cos rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas.

Centros especiais de emprego

Os centros especiais de emprego teñen como obxectivo realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, asegurando un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

A totalidade do persoal dos centros especiais de emprego estará constituída por traballadores con discapacidade, polo menos o 70%, sen prexuízo das prazas en persoal do

persoal técnico e de apoio que se requira, debendo probar a súa viabilidade empresarial mediante o correspondente estudo económico.

O seu marco normativo ven configurado pola Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (arts. 43 a 45 **RD. Lexislativo 1/2013**); o **Real Decreto 2273/85** de 4 de decembro de 1985 polo que se aproba o Regulamento dos Centros especiais de emprego, e o **Real Decreto de 17 de xullo de 1985** que regula a relación laboral de carácter especial dos discapacitados que traballan nas devanditas entidades.

A Comunidade Autónoma Galega aprobou o **Decreto 200/2005, de 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento**, polo que se regula a organización, funcionamento e as autorizacións para a inscrición no rexistro.

Cadro 2.2. Escenarios xurídicos das empresas e entidades da Economía Social

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Economía Social no seu conxunto	- Constitución Española de 1978 - Ley nº 5 de 29 de marzo de 2011 de Economía Social	- Estatuto de Autonomía de Galicia, Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril. - Ley 6/2016, de 4 de mayo, de la economía social de Galicia.
Entidades asociativas da Economía Social	- Real Decreto 774/2017, por el que se regula la Comisión para el diálogo civil con la Plataforma del Tercer Sector	- Decreto 25/2001, do 18 de enero, por el que se regula la organización y funcionamiento del Consello Galego de Cooperativas.
Cooperativas, mutuas e mutualidades de previsión social	- Ley 27/1999, de 16 de julio, de cooperativas - Real Decreto 136/2002, de 1 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento del Registro de Sociedades Cooperativas - Ley 20/1990, de 19 de diciembre, de Régimen Fiscal de las Cooperativas - Real Decreto 1345/1992, de 6 de noviembre, por el que se dictan normas para la adaptación de las disposiciones que regulan la tributación sobre el beneficio consolidado a los grupos de sociedades cooperativas - Ley 13/1989, de 26 de mayo, de Cooperativas de Crédito - Real Decreto 84/1993, de 22 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley 13/1989 de 26 de mayo, de Cooperativas de Crédito - Real Decreto Ley 11/2017 que modifica la Ley 13/1989 de Cooperativas de Crédito Normas que afectan a las cooperativas de viviendas: - Decreto 3114/1968, de 12 de diciembre; Decreto 2028/1995, de 22 de diciembre y Ley 38/1999, de 5 de noviembre, de Ordenación de la Edificación Normas que afectan a las cooperativas de transportistas: - Ley 16/1987, de 30 de julio, de Ordenación de los Transportes Terrestres; Decretos de 1211/1990, de 28 de septiembre; 927/1998, de 14 de mayo y 1830/1999, de 3 de diciembre - Ley 20/2015, de 14 de julio, de ordenación, supervisión y solvencia de las entidades aseguradoras y reaseguradoras. - Real Decreto 1060/2015, de 20 de noviembre, que desarrolla la Ley 20/2015	- Ley 5/1998, do 18 de diciembre, de cooperativas de Galicia - Decreto 430/2001, de 18 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento del Registro de Cooperativas de Galicia.

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Sociedades Laborais, Sociedades Agrarias de Transformación e Confradías de Pescadores	- Ley 44/2015, de 14 de octubre, de Sociedades Laborales y participadas. - Real Decreto 2114/1998, de 2 de octubre, que regula el Registro Administrativo de las Sociedades Laborales - Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, por el que se aprueba el Estatuto que regula las Sociedades Agrarias de Transformación - Orden de 14 de septiembre de 1982, que desarrolla el RD 1776/1981, de 3 de agosto - Ley 3/2001, de 26 de marzo, dePesca Marítima del Estado	- Orden de 29 de abril de 1988, sobre tramitación de Sociedades Agrarias de Transformación. - Ley 11/2008 de 3 de diciembre de pesca de Galicia. - Decreto 8/2014, de 16 de enero, por el que se regulan las cofradías de pescadores de Galicia y sus federaciones.
Centros Especias de Empleo e Empresas de Inserción	- Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social (Real Decreto Legislativo 1/2013) - Real Decreto de 17 de julio de 1985 que regula la relación laboral de carácter especial de las personas con discapacidad que trabajan en los Centros Especiales de Empleo - Ley 9/2017, Disp. Adicional 4ª: Reserva de mercado para CEE de iniciativa social, empresas de inserción o programas de empleo protegido - Ley 9/2017, Disposición Adicional decimocuarta: Regulación de los CEE de Iniciativa Social: sin ánimo de lucro y controlados en más de un 50% por asociaciones, fundaciones, corporaciones de derecho público, cooperativas de iniciativa social o sus empresas dependientes - Ley 44/2007, de 13 de diciembre, de empresas de inserción - Real Decreto 49/2010 regulador del Registro de Empresas de Inserción	- Decreto 156/2007, de 19 de julio, por el que se regula el procedimiento para la calificación de las empresas de inserción laboral, se crea su registro administrativo y se establecen las medidas para el fomento de la inserción sociolaboral. - Decreto 200/2005, de 7 de julio, por el que se regula la autorización administrativa y la inscripción en el Registro administrativo de Centros Especiales de Empleo de Galicia, y su organización y funcionamiento
Asociacións e Fundacións	- Ley Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación - Real Decreto 1497/2003. De 28 de noviembre, que desarrolla la Ley 1/2002 - Real Decreto 949/2015, regulador del Registro Nacional de Asociaciones - Ley 43/2015, de 9 de octubre, sobre el Tercer Sector de Acción Social - Ley 49/2002, de 23 de diciembre, sobre régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos - Real Decreto 1491/2011, de 24 de octubre, por el que se aprueban normas de adaptación del Plan General de Contabilidad a las entidades sin fines lucrativos - Ley 50/2002, de 26 de diciembre, de Fundaciones - Real Decreto 1337/2005, de 11 de noviembre, que establece el Reglamento de desarrollo de la Ley 50/2002, de 26 de diciembre - Real Decreto 1611/2007, de 7 de diciembre, que regula el Registro Central de Fundaciones	- Ley 12/2006, de 1 de diciembre, de Fundaciones de interés gallego.

Fonte: Elaboración propia a partir de Chaves, Juliá e Monzón (2018)

2.7. Conclusións e recomendacións

España e a Comunidade Autónoma Galega contan con artigos explícitos de mandato aos poderes públicos para o fomento docooperativismo e a economía social. Son, respectivamente, o art. 129.2 da Constitución e o art. 80 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Institucións Europeas como o Parlamento Europeo e o Comité Económico e Social Europeo recoñeceron o papel da economía social para a cohesión social, o desenvolvemento económico sustentable e inclusivo e activaron nos únicos anos varias medidas de alcance

européo, como o deseño do marco conceptual da economía social adecuada ao sistema europeo de contas nacionais (SEC-2010).

Na Economía Social Galega inciden diversas políticas públicas procedentes da actuación de diferentes niveis de goberno: europeo, estatal, rexional e local. Con todo, a nivel autonómico, Galicia conta con normativas importantes en materia de economía social entre as que destacan a Lei 6/2016, da Economía Social de Galicia e a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia. Así mesmo existe normativa galega reguladora doutras entidades de economía social como son os centros especiais de emprego, as empresas de inserción, as fundacións de interese galego, as confrarías de pescadores e as sociedades agrarias de transformación.

A Economía Social Galega dispón de estruturas de apoio ás cooperativas e outras entidades, a través da Administración Autonómica, que ofrecen asesoramento inicial, financiamento para a incorporación de socios e xestión empresarial. Así mesmo, existen unións de cooperativas, fundacións, centros de desenvolvemento e cámaras de comercio que ofrecen servizos técnicos e de consultoría ademais de representarlles ante as administracións públicas.

Desde o ano 1998, producíronse situacións sociais, xurídicas e económicas que modificaron o panorama da economía social. Neste sentido, é necesario destacar, por exemplo,

- A fusión e concentración demutualidades e a súa integración regulatoria na normativa de entidades aseguradoras determinou un cambio no día a día das mesmas, cun fuertísimo control das Administracións Públicas. Así mesmo, esa situación de tripla regulación: comunitaria, estatal e autonómica lévanos á necesidade de adecuar e concordar dita normativa autonómica á realidade xurídica global.

- Esta situación é equivalente no caso das caixas de aforro. Neste caso, hoxe en día hai unha única entidade financeira de aforro en Galicia, que concretamente é unha cooperativa, polo que se debe manifestar a necesidade dunha regulación específica á marxe da xenérica estatal para así adaptar a normativa á situación galega, dado que a única regulación concreta é a disposta nuns poucos artigos, principalmente o 127, da Lei de Cooperativas de Galicia.

Así mesmo, no últimos vinte anos, houbo un importante avance no sentir social dentro da economía social, destacando:

- A proliferación de cooperativas de traballo asociado sendo necesario a súa coordinación coa normativa estatal de seguridade social.
- O desenvolvemento de distintas clases de cooperativas con maior, menor ou pésima fortuna.
- A deterioración do sector agrario coa proliferación, por unha banda, de grandes cooperativas e, doutra banda, o fenómeno dominifundio cooperativo no mundo rural que dificulta o desenvolvemento empresarial.

Se ao exposto anteriormente, sumámoslle as dificultades administrativas e burocráticas impostas para a creación e desenvolvemento de cooperativas e outras entidades de

tipo social, está a dificultarse o crecemento da economía social galega. Por iso, é necesaria unha nova regulación de cooperativas consistente nunha nova lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, concordante coa nova realidade lexislativa e social, que sexan potenciadores e menos restritivos, impedindo que o fenómeno da economía social, e concretamente as cooperativas, facilite a aparición de economía subvencionada non real. Nisto é preciso non só copiar doutras autonomías senón seguir o exitoso modelo económico cooperativo portugués e outros pertencentes a países da nosa contorna.

Para ese efecto, realízanse as seguintes propostas:

- A) Modificación da regulación das Caixas de Aforro, procedendo tamén á aprobación dunha lei específica de cooperativas de crédito.
- B) Adaptación normativa autonómica das mutualidades á súa contorna comunitaria e estatal.
- C) Desenvolvemento dunha nova Lei de Cooperativas de Galicia e dun novo Regulamento que a desenvolva que sexa potenciadora e facilitadora da creación de novas cooperativas e que permita o seu desenvolvemento posterior

3. AS SOCIEDADES COOPERATIVAS GALEGAS

3.1. Introducción

Galicia asumiu competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, que ampliou a competencia recollida no art.28.7 do Estatuto de autonomía. A regulación destas sociedades atópase na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. A dita lei proporcionou o marco legal para o desenvolvemento económico e empresarial das cooperativas, contribuíndo á súa implantación na comunidade autónoma Galega.

O texto inicial foi obxecto de varias modificacións, sendo as máis importantes as producidas pola Lei 14/2011, do 16 de decembro –de modificación da Lei de Cooperativas–; pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia e as relacionadas coa Lei 5/2017, do 19 de outubro, de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia.

O presente capítulo céntrase nas cooperativas galegas, tentando facer unha descrición actualizada da súa situación en 2018. Para elo, despois dun primeiro apartado introdutorio, revísase a súa evolución recente, nun intento de estimar a importancia crecente do cooperativismo na comunidade galega. A continuación, se afonda en distintas perspectivas de análise das cooperativas activas -territorial, número de persoas socias e actividade económica-que debuxan un marco máis próximo da súa importancia para a comunidade galega e, máis concretamente, a súa economía. Finalmente, con base nesta descrición, se establece unha serie de conclusións.

As cooperativas clasifícanse en distintos tipos, que se recollen na **táboa 3.1**. De forma conxunta a dita clasificación, na determinación do tipo de cooperativa debe considerarse que a Lei de cooperativas introduce determinadas asimilacións. Así por exemplo, cando as

persoas asociadas achegan o seu traballo persoal, a cooperativa queda baixo a regulación específica das cooperativas de traballo asociado de forma complementaria á regulación específica da clase de cooperativa de que se trate.

Táboa 3.1. Tipos de Cooperativas en Galicia.

TIPO	INTEGRANTES	OBXECTO/FIN
Agraria	Titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.	Mellora do aproveitamento das explotacións das súas persoas socias, os seus elementos ou compoñentes e a cooperativa. Mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural. Atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou estea relacionado directamente con elas.
Consumidores/as e usuarios/as	Persoas físicas e xurídicas e entidades ou organizacións de consumidores ou consumidoras que tivesen o carácter de destinatarios finais.	Procurar bens e servizos para o consumo das súas persoas socias e das persoas que convivan coas mesmas, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiras persoas. Defensa e promoción dos dereitos dos consumidores e consumidoras, e persoas usuarias.
Ensino	Depende da modalidade: De consumidores: asocian pais e nais do alumnado ou alumnos/as. De traballo asociado: asocian profesorado e demais profesionais do ensino, así como o persoal de administración e servizos.	Actividades docentes nos seus distintos niveis e modalidades. Actividades conexas ou que faciliten o seu obxecto principal (con carácter complementario)
Explotación comunitaria da terra	Titulares de dereitos de usos e aproveitamento de bens susceptibles de explotación agraria, que os ceden á cooperativa con independencia de traballar nela. Todos quen, sen ceder ningún dereito de goce, van prestar o seu traballo na cooperativa.	Xestionar unha única empresa ou explotación agraria, na que tamén poderán integrarse os bens que, por calquera título, posúa a cooperativa.
Do mar	Titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras, de industrias marítimo-pesqueiras, marisqueo, acuicultura e derivadas, nas súas diferentes modalidades de mar, rías, ríos, lagos e lagoas, e a profesionais das devanditas actividades	Prestación de subministracións e servizos. Realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

TIPO	INTEGRANTES	OBXECTO/FIN
De servizos	Persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como a profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia	Prestación de subministracións e servizos e/ou realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios e socias.
De servizos sociais	persoas físicas que prestan o seu traballo na cooperativa. Tamén poden participar en calidade de socio as administracións ou entidades públicas ou os axentes sociais colaboradores na prestación de servizos.	Prestación de todo tipo de actividades e servizos sociais, públicos ou privados.
De traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada	Proporciona ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.
De transportistas	Titulares de empresas do transporte ou profesionais que poidan exercer en calquera ámbito a actividade do transporte	Organizar e/ou prestar servizos de transporte ou ben a realización de actividades que o fagan posible.
De transportistas de traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física	Prestarlle á cooperativa o traballo persoal das persoas socias, realizando a actividade do transporte e/ou complementarias
De vivenda	Persoas físicas que precisan aloxamento e/ou locais para si e as persoas que convivan con elas. Tamén os entes públicos, sen ánimo de lucro mercantil e as cooperativas que precisen aloxamento para aquelas persoas dependentes dos mesmos que teñan que residir, por razón do seu traballo ou función, nos arredores dunha promoción cooperativa ou que precisen locais para o desenvolvemento das súas actividades	Procurar vivendas, locais ou instalacións complementarias para as persoas socias
De explotación dos recursos acuícolas	Titulares de dereitos de uso e aproveitamento de bens, relacionados co exercicio de actividades de explotación dos recursos acuícolas, presten ou non o seu traballo, así como a quen, sen ceder dereito ningún de uso, vai prestar o seu traballo nela.	Explotación de recursos acuícolas en común por parte das persoas asociadas.
De integración social	Persoas naturais de colectivos excluídos, as súas persoas titoras e máis o persoal de atención. Tamén poden participar como socias as administracións ou entidades públicas.	Prestación de servizos educativos, asistenciais, laborais e sanitarios ou calquera outra actividade económica coa que poidan integrarse persoas que sufran calquera tipo de exclusión social para o seu desenvolvemento laboral.

TIPO	INTEGRANTES	OBXECTO/FIN
De crédito		Servir ás necesidades financeiras activas e pasivas das persoas socias e de terceiros, mediante o exercicio das actividades e dos servizos propios das entidades de crédito.
De seguros		Exercen a actividade aseguradora en calquera das súas ramas consonte a normativa ordenadora do seguro privado.
Sanitarias		Teñen por obxecto desenvolver actividades sanitarias nas súas distintas modalidades de seguros a prima fixa, de traballo asociado ou de persoas consumidoras e usuarias, e poderán realizar con carácter complementario actividades conexas ou que faciliten o seu obxecto principal

Fonte: Elaboración propia segundo a Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, en Texto Consolidado BOE-A-1999-6940

Ademais desta clasificación xenérica, pódese destacar a existencia dalgunhas específicas. En primeiro lugar, destacan tres especialidades das cooperativas de traballo asociado e asimiladas:

- Cooperativas xuvenís. As ditas cooperativas son constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos¹. Pretenden proporcionar emprego e un marco estable de desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros².
- Cooperativa mixta de traballo asociado. Estas sociedades confórmanse para facilitar a captación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos. Nestas cooperativas permítese o voto plural ponderado, debendo incluír nos seus estatutos o regulamento do exercicio de voto. A disposición adicional quinta da Lei reforza o papel das persoas socias de traballo fronte ás socias de capital³.

Finalmente, as cooperativas poden unirse para o desempeño de fins comúns de índole económica. A resultante será unha cooperativas de segundo grao, integrada por dúas ou

1 Cando as persoas socias teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, a idade máxima será de 35 anos.

2 As cooperativas xuvenís contan con vantaxes para a súa constitución, coma a redución do capital mínimo de constitución ou a non necesidade de outorgamento de escritura pública. Transcorrido o prazo marcado nos estatutos -non superior a cinco anos- deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.

3 As persoas socias de capital, as cooperativas e as sociedades controladas por estas ou as entidades públicas non poderán superar un terzo dos votos sociais, e as persoas socias traballadoras non poderán ter unha porcentaxe inferior a un terzo dos votos sociais

máis cooperativas da mesma ou distinta clase. Ademais, as cooperativas poden asociarse para a defensa e promoción dos seus intereses en unións, federacións e confederacións de cooperativas.

Nos apartados subseguintes debuxase o panorama do cooperativismo en Galicia, en 2018. Cando existan datos dispoñibles complementarase a información coa análise da evolución no último trienio. A información deste apartado elabórase cos datos recollidos no Rexistro Galego de Cooperativas⁴, que inscribe e certifica os actos e negocios xurídicos das sociedades cooperativas na comunidade autónoma de Galicia. Para a comparativa no marco estatal, recórrase aos datos das Estatísticas de Economía Social elaboradas polo Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social.

3.2. Evolución recente do cooperativismo en Galicia

Segundo os datos dispoñibles nos diferentes Rexistros de Cooperativas, no ano 2018 existen máis de 4.300 cooperativas formalmente constituídas. Sen embargo, a partir da análise da información é posible distinguir aquelas que non teñen actividade real. Feita a dita depuración, o número de cooperativas activas que teñen actividade no ámbito territorial de Galicia e domicilio social na Comunidade Autónoma queda reducido a 1.334 a 31 de decembro de 2018⁵. Ademais, existe unha cooperativa domiciliada en Asturias con actividade dentro do territorio. Para situar estas cifras no conxunto do Estado, cómpre recorrer ás Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social. A dita fonte unicamente inclúe as sociedades cooperativas inscritas na Seguridade Social, pero ofrece un marco comparable homoxéneo entre as diferentes comunidades autónomas. Feita esta prevención, o número de cooperativas activas en Galicia no último trimestre de 2018 é de 749, un 3,75 % do total estatal (**Táboa 3.2**). A comunidade galega achega un 4,55 % do total do total de sociedades cooperativas inscritas en réximes diferentes ao de autónomos, e un 2,53 % do total destas últimas. Cabe sinalar que a dita porcentaxe é inferior á que supoñe o conxunto de empresas galegas no total de empresas de España (6,02 %), no conxunto da poboación e na participación no PIB estatal (5,75 %). Estes datos sitúan a nosa comunidade como a novena en importancia na contribución de sociedades cooperativas no conxunto estatal.

⁴ Se combinan os datos procedentes do Rexistro Central de Cooperativas, os catro rexistros provinciais, e tamén de Rexistros externos.

⁵ A Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, introduce unha modificación no art. 2 da lei autonómica relativo ao ámbito da aplicación da lei, limitándoa a todas as entidades cooperativas, unións, federacións e confederacións de cooperativas que, con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvan a súa actividade cooperativizada con carácter principal neste ámbito territorial.


Táboa 3.2. **Sociedades Cooperativas inscritas na Seguridade Social**

	SOCIEDADES		
	Total	General	Autónomos
ANDALUCIA	3.777	2.665	1.112
ARAGON	714	428	286
ASTURIAS	197	157	40
BALEARES	163	113	50
CANARIAS	229	195	34
CANTABRIA	84	59	25
CASTILLA LA MANCHA	1.307	835	472
CASTILLA Y LEON	1.170	930	240
CATALUÑA	3.951	1.601	2.350
COM. VALENCIANA	2.425	1.271	1.154
EXTREMADURA	588	497	91
GALICIA	749	550	199
MADRID	781	569	212
MURCIA	1.514	819	695
NAVARRA	503	274	229
PAIS VASCO	1.629	1.023	606
RIOJA (LA)	145	77	68
CEUTA	15	7	8
MELILLA	13	8	5
TOTAL	19.954	12.078	7.876

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

A análise do comportamento das sociedades cooperativas na última década permite constatar que a comunidade galega non presenta grandes diferenzas en relación co acaecido en España, no sentido de que os ciclos de aumento e decrecemento na constitución anual de cooperativas coincide en ambos contextos.


Gráfico 3.1. Cooperativas constituídas. Galicia y España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

A participación que teñen as cooperativas constituídas na comunidade galega sobre o total das constituídas en España oscila, nestes anos, entre o mínimo do 2,81 % (ano 2007) e o máximo do 5,34 % de 2014. O **gráfico 3.2** reflicte esta información, permitindo constatar un aumento do rol protagonista das cooperativas galegas na creación destas sociedades entre 2010 e 2014. Sen embargo, a dita representación non alcanza en ningún ano a participación total das empresas galegas no conxunto de empresas do Estado, fixada nun 6,06 % de media no mesmo marco temporal de análise.

Gráfico 3.2. Participación das Cooperativas constituídas en Galicia sobre o total estatal (2007-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

A partir deste ano, as cooperativas constituídas en Galicia perden progresivamente presenza na creación de novas sociedades, ata o recente 2017. O forte incremento de

cooperativas inscritas na seguridade social en 2018 orixina un incremento da participación das novas sociedades constituídas na nosa comunidade. De feito, en 2018 en Galicia se rexistran 72 novas constituicións, 33 máis que as producidas en 2017. Este dato, un 84,6 % superior ao correspondente a 2017, supón unha mellora significativa en relación co acaecido en España, onde a creación de sociedades cooperativas en 2018 acrecenta unha mellora do 20,78 % en relación co ano precedente.

Voltando aos datos do Rexistro galego de cooperativas, o **gráfico 3.3** amosa a evolución do número destas sociedades dende 1990. Detéctanse diferentes ciclos: en primeiro lugar, o ritmo de cooperativas crece na década de 1990 a 2000. A continuación, prodúcese unha caída na constitución destas sociedades, que se prolonga ata 2007. Segue un período de relativa estabilidade ata 2011. A partir deste ano, coincidindo coa creación da Rede Eusumo, o número de novas cooperativas constituídas volve a crecer con forza. Este período expansivo frease en 2015, sucedéndose dun bienio decrecente ata a xa comentada mellora do ano pasado.


Gráfico 3.3. Cooperativas constituídas en Galicia (1990-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Para favorecer a mellora da interpretación da gráfica anterior, o **gráfico 3.4** reflicte a variación anual de creación de sociedades mercantís en España e Galicia no período 2009-2017 xunto coa taxa de variación da creación de sociedades cooperativas en Galicia. A creación de novas sociedades cooperativas en Galicia supera con claridade o ritmo de creación de novas sociedades -tanto a nivel autonómico como estatal- no período de maior incidencia da crise económica (2010-2014). A partir de 2014, en que comeza a albiscarse a recuperación económica, a variación interanual de creación de novas cooperativas inxírese nunha tendencia decrecente, e xa a partir de 2015 os ritmos de creación doutras sociedades é superior.


Gráfico 3.4. Sociedades constituídas Galicia-España (2009-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o DIRCE (INE)

Por outra banda, a análise da data de primeira constitución segundo os datos do Rexistro (**gráfico 3.5**) revela que algo máis do 60 % das cooperativas galegas superan os dez anos de vida. Noutro extremo, as cooperativas de menos de tres anos de antigüidade supoñen o 12 % das incluídas no diferentes rexistros.

Gráfico 3.5. Distribución das cooperativas por antigüidade (2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

3.3. Distribución territorial das cooperativas activas en Galicia.

No que se refire á distribución das cooperativas activas en cada unha das provincias galegas, obsérvase unha evidente concentración nas provincias atlánticas: case sete de cada dez sociedades cooperativas activas en 2018 atópanse nunha destas provincias. O

gráfico 3.6 permite observar que, neste contexto, a provincia de A Coruña ten unha posición claramente dominante no eido da implantación de cooperativas.


Gráfico 3.6. Distribución das cooperativas por provincias (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

O **gráfico 3.7** amosa a distribución provincial das cooperativas no ano 2010 e en 2018. Como se pode observar, as porcentaxes relativas que achega cada unha das provincias ao total de sociedades galegas apenas variaron no que levamos de década.

Gráfico 3.7. Distribución das cooperativas por provincias (2010-2018)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A comezos desta, as provincias atlánticas concentraban un 67,6 % do total de cooperativas rexistradas en Galicia. Oito anos despois contribúen practicamente na mesma cantidade, un 67,9 %. A provincia de A Coruña reduce lixeiramente a concentración de cooperativas (cinco décimas porcentuais), mentres Pontevedra aumenta a súa representatividade en pouco menos dunha décima.

Cabe sinalar que a dita concentración resposta á concentración de actividade económica nas provincias occidentais, en detrimento de Lugo e Ourense. A **táboa 3.3** resume diferentes indicadores que constatan esta tendencia. Sen embargo, a participación relativa das provincias orientais no global de sociedades cooperativas é superior á existente en correspondencia coa poboación activa, número total de empresas ou participación no PIB da comunidade galega.

Táboa 3.3. Sociedades Cooperativas activas en Galicia (distribución territorial, 31-12-2018)


	COOPERATIVAS		Poboación Activa		Empresas		PIB ⁽¹⁾	
	Total	%	TOTAL	%	TOTAL	%	TOTAL	%
A Coruña	508	38,08	530,1	42,63	83.313	41,49	27.319.915	46,31
Lugo	231	17,32	150,6	12,11	24.760	12,33	7.139.104	12,10
Ourense	197	14,77	130,1	10,46	23.291	11,60	6.102.599	10,34
Pontevedra	398	29,84	432,7	34,80	69.437	34,58	18.432.813	31,25
TOTAL	1.334	100,00	1.243,50	100,00	200.801	100,00	58.994.431	100,00

⁽¹⁾ Datos de 2016

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

As sociedades cooperativas están presentes en 252 concellos galegos (un 80,51 %). En concreto, existe algunha cooperativa domiciliada no 89,52 % dos concellos da provincia de A Coruña, no 88,52 % dos da de Pontevedra, no 85,07 % dos concellos da provincia lucense e no 63,04 % dos da provincia ourensá. Pódese intuír, por tanto, a importancia da fórmula cooperativa para a distribución territorial da actividade económica, que gañará importancia en función da actividade concreta da que se trate e o tamaño do concello no que se localice.

Gráfico 3.8. Distribución territorial das cooperativas galegas. Medio urbano e rural (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Unha análise máis polo miúdo da localización destas cooperativas amosa que unha importante proporción delas sitúase nas grandes urbes (**gráfico 3.8**). En concreto, o 35,08 % das cooperativas activas, en 2018, atópanse nos concellos vinculados ás grandes áreas

urbanas. A meirande concentración dáse na provincia pontevedresa, coma consecuencia do importante número próximo á cidade de Vigo. O concello olívico achega 142 cooperativas, o 35,67 % do total da provincia e case un 10,7 % do total de cooperativas activas en Galicia en 2018. A continuación atópase a provincia coruñesa, onde se localizan tres das grandes urbes da comunidade galega, cun 35,63 % das cooperativas da provincia. No outro extremo, en Lugo o 73,6 % das cooperativas da provincia de Lugo son rurais.

A **táboa 3.4** permite ampliar esta información, incluíndo as cooperativas situadas nos concellos das comarcas das grandes urbes provinciais. Neste caso, como se comproba na táboa, Vigo é a comarca que contribúe en conxunto con máis cooperativas, cun 14,57 % do total da provincia de Pontevedra. Tendo en conta o anteriormente dito en relación coas cooperativas localizadas no concello vigués, esta cidade sitúase como motor do cooperativismo na provincia de Pontevedra, achegando -en conxunto coa comarca circundante- máis do 50% das cooperativas pontevedresas e o 15 % do total de cooperativas de Galicia.

Táboa 3.4. Distribución territorial das cooperativas por áreas urbanas e rurais (2010-18)

	COOPERATIVAS		COMARCAS		2010		2018	
	Total	% provincia	TOTAL	% provincia	Total	% Total coops	Total	% Total coops
A Coruña	67	16,70	29	5,71	71	6,46	96	7,20
Ferrol	28	13,19	48	9,45	72	6,55	76	5,70
Santiago de Compostela	86	5,51	35	6,89	87	7,92	121	9,07
Lugo	61	26,40	25	10,82	55	5,00	86	6,45
Ourense	68	34,51	26	13,20	71	6,46	94	7,05
Pontevedra	16	4,01	10	2,51	22	2,00	26	1,95
Vigo	142	35,67	58	14,57	152	13,83	200	14,99
TOTAL URBANAS	468		231		530	48,23	699	52,40
TOTAL RURAIS	-		-		569	51,77	635	47,60


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A **táboa 3.4** tamén permite analizar a evolución desta distribución territorial dende o ano 2010, utilizando para isto os datos do Informe de Síntese das Cooperativas de Galicia (2013). As cooperativas urbanas gañan presenza relativa no que levamos de década, pasando a representar o 48,23 % do total de cooperativas activas en 2010 a un 52,40 % no recente 2018. A dita concentración concorda coa tendencia xeral da poboación á concentración en áreas urbanas e periféricas en detrimento do rural. Porén, e precisamente en relación coa dita tendencia, cabe sinalar que a actividade económica das cooperativas presenta unha presenza nas áreas rurais moi superior á participación relativa da súa poboación. Sen embargo, tamén cabe sinalar que o maior incremento no número de cooperativas rexistradas entrambos períodos temporais débese á creación de novas cooperativas en áreas metropolitanas, onde están localizadas preto dun 72 % do total dos novos rexistros.

Atendendo á táboa anterior, o **gráfico 3.9** permite comprobar que o maior incremento prodúcese na área de influencia de Vigo, seguido de Santiago de Compostela e comarca. A comarca da Coruña, aínda que tamén ve como incrementado o número de sociedades

cooperativas, mantense lonxe da importancia que lle correspondería en proporción a súa poboación e dimensión territorial. Por outra banda, as comarcas de Pontevedra e Ourense permanecen relativamente estancadas no que levamos de década.

Gráfico 3.9. Distribución territorial das cooperativas galegas. Grandes urbes e comarcas (2010-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

3.4. Distribución das cooperativas activas en Galicia por clase de cooperativa

A análise da distribución de cooperativas activas por clase de cooperativas (**gráfico 3.10**) permite constatar a importancia relativa das cooperativas de traballo asociado no tecido cooperativista galego. Máis da metade das cooperativas galegas activas en 2018 responden a dita fórmula. En concreto, se sumamos a totalidade de cooperativas que asocian traballo (isto é, incluíndo as xuvenís, ensinanza, transportistas e mixtas de traballo asociado) contribúen con preto do 55 % do total de cooperativas galegas neste ano.

A continuación atópanse as cooperativas agrarias e, de feito, case oito de cada dez cooperativas activas en 2018 en Galicia son cooperativas constituídas baixo unha destas dúas fórmulas. Seguidamente, e xa a maior distancia, aparecen as cooperativas de vivendas (5,85 % do total). Cabe sinalar a escasa relevancia que teñen as cooperativas de explotación comunitaria da terra (3,37 % do total) baixo a consideración da importancia da reestruturación territorial para a explotación eficiente do territorio. De igual forma, o número de cooperativas do mar (21, un 1,57 % do total) non resposta á importancia do sector para o PIB da comunidade galega. Porén, outro dato de interese é a escasa presenza de cooperativas de segundo grado (menos dun 1 % do total), que denota un débil progreso en materia de integración e reforzo do tamaño das cooperativas galegas.

Gráfico 3.10. Distribución das cooperativas activas galegas por tipo de cooperativa (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Os datos da evolución recente na creación de cooperativas (**táboa 3.5**) constatan esta tendencia á creación de cooperativas de traballo asociado, moi superiores ao resto de modalidades: case 7 de cada dez novas cooperativas inscritas nos últimos dez anos corresponden á dita modalidade. A continuación figuran as cooperativas agrarias e de vivenda, cun 11 % das novas cooperativas rexistradas respectivamente. Xa a maior distancia, as cooperativas de transportistas achegan un 3 % dos novos rexistros nesta década.

Táboa 3.5. Cooperativas creadas por tipo de cooperativa (2008-18)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Crédito											
Integración social	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Traballo asociado	13	18	20	28	42	45	58	54	39	31	62
Consumidores e Usuarios	1	2	1	0	0	4	2	1	0	1	
Vivendas	17	4	12	9	5	0	1	3	5	3	5
Agrarias	8	9	5	10	6	9	6	4	3	5	2
Explotación comun. da terra	1	2	0	0	1	1	1	1	2	0	
Servizos	2	1	1	0	0	0	0	1	0	0	
Mar	2	2	1	0	1	1	0	0	0	0	
Transportistas	1	5	1	0	2	1	0	2	1	1	2
Transportistas-T. A	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	
Seguros	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Sanitarias	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Servizos Sociais-T. A	1	0	1	0	1	0	1	0	0	0	
Ensino	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Ensino-T. A	2	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1
Educacionais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Segundo Grao	1	0	0	1	0	1	0	1	1	0	
TOTAIS	49	43	42	48	58	64	69	67	51	41	72

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A análise dos datos incluídos no Informe de Síntese (2013) ofrece un marco de interese para o estudo da evolución na creación de cooperativas (**táboa 3.6**). Como se pode observar, para poder proceder á comparación é preciso reunir diversos tipos de cooperativas -segundo se indica na táboa-, de cara a obter datos comparables. Feita esta prevención, a evolución confirma algunha das tendencias antes apuntadas, en concreto:

- Confírmase a tendencia á creación de cooperativas de traballo asociado, moi superior no segundo período de análise. No que levamos de década créanse 143 cooperativas deste tipo máis que as creadas na década 2000-2009, un incremento de preto dun 60 %. Como consecuencia, se as cooperativas de traballo asociado contribuían con pouco máis dun 42 % das novas cooperativas na primeira década no milenio, máis recentemente dita participación aumenta ata preto dun 74 %.
- Diminúe notablemente a creación de cooperativas agrarias, pese a manter o segundo lugar en relevancia na achega de novas cooperativas. A participación relativa destas cooperativas nas de nova creación divídese por tres (dun 27,15 % a un 9,63 %).
- Pese a reducirse case á metade, segue sendo importante o peso relativo das cooperativas de vivenda. Ao fío deste dato, pese a detectarse certa recuperación nos anos máis recentes (a partires de 2014), aínda non se acadan os valores rexistrados nos anos anteriores á crise económica.
- As cooperativas máis vinculadas con necesidades estratéxicas do tecido económico de Galicia -explotación común da terra ou cooperativas do mar- seguen a ter unha presenza moito menor no tecido cooperativo. Porén, ambas tipoloxías ven reducida a súa participación no segundo período de análise.
- Finalmente, tamén segue sendo menor a participación relativa dos procesos de consolidación (cooperativas de segundo grao), pese a rexistrarse unha nova cooperativa máis que na década precedente.

Táboa 3.6. Participación relativa do tipo de cooperativas creadas por tipo de cooperativa (2000-2018)


	2000-2009	%	2010-2018	%
Agrarias	155	27,15	50	9,63
De traballo asociado	240	42,03	383	73,80
Ensino	7	1,23		
Vivenda	90	15,76	43	8,29
Consumidores e usuarios	7	1,23	9	1,73
Explotación comunitaria da terra	17	2,98	6	1,16
Mar	13	2,28	3	0,58
Segundo grao	3	0,53	4	0,77
Servizos e transportes	31	5,43	16	3,08
Outras	8	1,40	5	0,96

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o Informe de Síntesis das cooperativas (2013)

Nota: As cooperativas de traballo asociado inclúen as de transportes e exclúen as de ensino de traballo asociado). En outras se inclúen a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo, ensino (de traballo social), educativas e de crédito, seguros e sanitarias a partir de 2010.

O **gráfico 3.11** completa a información anterior, ofrecendo os datos da media de creación de cooperativas por cada un dos tipos de análise nos dous períodos sinalados. Como se pode comprobar, os datos máis notables responden ás tendencias anticipadas. Duplícase a creación media anual de cooperativas de traballo asociado, e redúcese á metade a media de creación anual de cooperativas agrarias e de vivenda.

Gráfico 3.11. Distribución das cooperativas activas galegas por tipo de cooperativa (media anual, 2000-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o Informe de Síntese das cooperativas (2013)

NOTA : CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensinio; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo, ensino -de traballo social-, educativas, e de crédito, seguros e sanitarias a partir de 2010)

3.5. Distribución das cooperativas activas en Galicia por número de persoas socias (2018)

Segundo os datos do Rexistro Galego de Cooperativas, os datos actualizados a 31 de decembro de 2018 recollen unha cifra de 33.144 socios e socias fundadoras. Tendo en conta o número de cooperativas activas, obtense un número medio de socios fundadores próximo a 25 persoas. Sen embargo, debe facerse constar que se non se considera o dato atípico das

cooperativas de crédito, que distorsiona a media polo importante número de persoas socias os que inclúe (máis de 10.000), o número medio de persoas socias redúcese notablemente, ate as 17 persoas.

A estrutura financeira e a estrutura de ingresos dos CEE de Galicia estudáronse para o ano 2013 e 2017 a partir da información dos balances e contas de resultados ofrecidos na base de datos SABI e das listaxes nominais dos centros que dispón CIRIEC. Atopouse información para 45 CEE de ES (que representa o 73% do total de CEE desta tipoloxía) e para 36 CEE da EC (que representa o 64% do total deste tipo de centros). Os recursos financeiros dos CEE, do mesmo xeito que os do resto de empresas sociais, están formados por unha mestura de recursos propios e alleos, entre os cales os ingresos obtidos da actividade comercial representan unha parte significativa. Estes recursos financeiros poden proceder de: (i) o desenvolvemento da súa actividade, a través da reinvestimento de beneficios; (ii) das achegas dos titulares dos CEE en forma de accións, participacións ou calquera outra achega conforme ao tipo de sociedade na que se constituíu o centro, e (iii) de recursos alleos como créditos bancarios, doazóns, axudas da administración pública.

A seguinte táboa presenta a estrutura financeira dos CEE de Galicia para os anos 2013 e 2017.

A estrutura porcentual dos recursos financeiros no ano 2013 sinala un peso importante dos fondos propios nos CEE da ES (60,1%) fronte aos CEE da EC (47,8%); esa diferenza permanece no ano 2017 (57,7% e 43,2% respectivamente). Algunhas das vantaxes de dispoñer dun importante volume de fondos propios é a maior garantía fronte a terceiros, a non existencia de restricións nin obrigacións de amortización sobre eses recursos e, ademais, que os investidores externos á organización non exercen ningún control sobre os devanditos

recursos. Con todo, cabe sinalar que o nivel óptimo de fondos propios pode depender do tipo de actividade que realice cada centro, podendo existir unha elevada diversidade.

Tanto no ano 2013 como no 2017 a principal fonte de financiación dos CEE foi o patrimonio neto (64,3% e 61,1%, respectivamente). Pola contra, o pasivo ten dita función no caso dos CEE de EC en ámbolos dous anos (50,3% e 54,7%), adquirindo un maior peso o pasivo corrente (37,3% e 27,9%).


En relación á composición do patrimonio neto, as subvencións, doazóns e legados representan unha maior porcentaxe nos CEE da ES (4,3% fronte ao 2,0% dos CEE da EC en 2013),

Táboa 6.18. Estrutura financeira CEE de Galicia por tipoloxía de Centro, (%). Anos 2013 e 2017

	Economía Social		Economía Capitalista		Total	
	2013	2017	2013	2017	2013	2017
Total patrimonio (neto+pasivo)	100	100	100	100	100	100
Reservas	22,3	23,7	25,2	29,4	22,8	25,4
Capital	23,9	21,4	15,7	6,2	22,5	16,9
Total fondos propios	60,1	57,7	47,8	43,2	57,9	53,4
Subv. doazóns e legados	4,3	3,5	2,0	2,1	3,9	3,1
Total patrimonio neto	64,3	61,1	49,8	45,3	61,7	56,4
Pasivo non corrente	13,7	15,8	13,0	26,8	13,6	19,1
Pasivo corrente	22,0	23,1	37,3	27,9	24,7	24,5
Total pasivo	35,7	38,9	50,3	54,8	38,3	43,56

Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC e SABI

Gráfico 6.20. Estrutura financeira CEE Galicia por tipoloxía de Centro (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC e SABI

Na seguinte táboa e gráfico amosamos a estrutura de ingresos dos CEE da comunidade galega. Os CEE son produtores demercado segundo os criterios da Contabilidade Nacional, e polo tanto, máis do 50% dos seus ingresos proceden das súas vendas no mercado.


Como se observa, no ano 2013 o 87,77% dos ingresos dos CEE da Economía Social procedía das súas vendas, sendo esa porcentaxe maior no caso dos centros da economía capitalista, 95,42%. Esta estrutura na porcentaxe de vendas entre ambos os tipos de centros reproducíase para o ano 2017 (87,99% na ES e 95,08% na EC).

Táboa 6.19. Estrutura de ingresos CEE Galicia por tipoloxía de Centro (%)

	Economía Social		Economía Capitalista		Total CEE	
	2013	2017	2013	2017	2013	2017
Importe neto cifra negocios	87,8	88,0	95,4	95,1	90,0	90,7
Outros ingresos de explotación	11,9	11,7	4,3	4,8	9,7	9,1
Outros ingresos imputables	0,3	0,3	0,3	0,1	0,3	0,2
Total de ingresos	100	100	100	100	100	100

Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC e SABI

Gráfico 6.21. Estrutura de ingresos CEE de Galicia por tipoloxía de Centro (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de SABI e CIRIEC

O volume de ingresos dos CEE en Galicia aumentou de forma considerable desde o ano 2013 ao 2016, especialmente no caso dos centros da economía capitalista, aínda que con todo presentan cifras inferiores aos centros da economía social. O maior volume de ingresos débese tanto a un crecemento da cifra de negocio como doutros ingresos de explotación. Estes últimos inclúen ingresos procedentes de actividades socio-culturais, mediación laboral, formación, educación, centros de día, centros de lecer...

Táboa 6.20. Ingresos CEE de Galicia, 2013 e 2017.Euros

	Economía Social		Economía Capitalista		Total	
	2013	2017	2013	2017	2013	2017
Importe neto cifra negocios	155.945.458	208.676.249	67.705.494	136.315.117	223.650.952	344.991.365
Outros ingresos de explotación	21.143.668	27.851.242	3.014.718	6.926.289	24.158.386	34.777.531
Total ingresos	177.665.464	237.147.187	70.956.971	143.373.414	248.622.435	380.520.601

Fonte: Elaboración propia a partir de SABI e CIRIEC

Gráfico 6.22. Ingresos CEE de Galicia, EUROS. Anos 2013 e 2017



Fonte: Elaboración propia a partir de SABI e CIRIEC

6.9. Conclusións

Os Centros Especiais de Emprego forman parte da Economía Social. Son empresas que compatibilizan a viabilidade económica e a súa participación no mercado co seu compromiso social cara a colectivos con menores oportunidades no mercado de traballo. O seu persoal está constituído polo maior número de persoas con discapacidade e poden ser de carácter público ou privado, con ou sen ánimo de lucro.

Galicia contabiliza un total de 118 centros (62 de iniciativa social e 56 de iniciativa capitalista), adoptando na súa maioría a forma xurídica de Sociedade Limitada.

A distribución provincial mostra que o maior número de CEE atópase localizado na provincia da Coruña (55,08%), seguida de Pontevedra (25,42%), Lugo (13,56%) e Ourense (5,93%).

Máis da metade corresponden ao sector servizos (55,1%), seguidos da industria, o comercio e o transporte.

A presenza dos CEE de iniciativa social no sector servizos representa o 66,1% fronte ao 42,9% dos de iniciativa empresarial. Pola contra os CEE de economía capitalista están no transporte (19,6%), industria (17,9%) e comercio (16,1%).

As actividades administrativas e de servizos auxiliares representan o 47,7% do total do sector servizos, e as actividades sanitarias e de servizos sociais ocupan o segundo lugar cun 20% seguidas por outros servizos co 15,4%.

Afondando na clasificación, vemos como as persoas empregadas dedícanse principalmente á limpeza xeral de edificios e as actividades de xardinería, así como a outras actividades de servizos sociais.

Os CEE de Economía Social protagonizan as actividades de servizos sociais fronte ao resto de CEE, e tamén levan a cabo actividades de xardinería. Pola contra os CEE de iniciativa capitalista dedícanse maiormente á limpeza xeral de edificios.

En Galicia os CEE empregaron no ano 2017 a un total de 2466 persoas con discapacidade, o que representa o 9,8% do total de persoas con discapacidade ocupadas (25100 persoas). Do total de traballadores con discapacidade, 1648 foron empregadas en CEE da Economía Social (66,8%) e 818 foron en centros da economía capitalista (33,2%).

O emprego medio dos CEE a nivel nacional é de 45.9 persoas, superior ao emprego medio dos CEE de Galicia que se sitúa en 22.7 persoas. Este menor emprego medio dos CEE de Galicia descomponse en: (i) un menor emprego medio de persoas con discapacidade, (20.9 fronte a 40.0) e (ii) un menor emprego de persoas sen discapacidade (1.8 fronte a 6.0). Por tipoloxía de centros, os CEE de ES de Galicia rexistran un emprego medio de 26.6 persoas con discapacidade, inferior ao que rexistran os CEE de es a nivel nacional (51.6), pero superior ao que rexistran os CEE da EC na comunidade galega que se sitúa en 14.6.

Os contratos específicos a persoas con discapacidade aumentaron de forma significativa nos últimos anos tanto na comunidade galega como a nivel nacional.

Dende o ano 2013 para Galicia, e o 2008 para España, máis do 50% dos contratos específicos a persoas con discapacidade realizáronse en CEE. A evolución é máis positiva no caso español cun 71,06 % no último ano, fronte ao 57,96% no caso galego.

Os contratos temporais superan o 57% do total de contratos específicos realizados a persoas con discapacidade en Galicia en todos os anos considerados, chegando a alcanzar o 80% no ano 2006. Pero esta situación empeora si falamos dos CEE. Así, para o caso galego, as cifras non baixan do 78,9% chegando ao 95,6% no ano 2011.

Tanto no ano 2013 como no 2017 a principal fonte de financiación dos CEE foi o patrimonio neto (64,3% e 61,% respectivamente). Pola contra, o pasivo ten dita función no caso dos CEE de EC en ámbolos dous anos (50,3% e 54,7%), adquirindo un maior peso o pasivo corrente (37,3% e 27,9%).

En relación á composición do patrimonio neto, as subvencións, doazóns e legados representan unha maior porcentaxe nos CEE da ES (4,3% fronte ao 2,0% dos CEE da EC en 2013).

Os CEE son produtores de mercado segundo os criterios da Contabilidade Nacional, e polo tanto, máis do 50% dos seus ingresos proceden das súas vendas no mercado.

No ano 2013 o 87,77% dos ingresos dos CEE da Economía Social procedía das súas vendas, sendo esa porcentaxe maior no caso dos centros da economía capitalista, 95,42%. Esta estrutura na porcentaxe de vendas entre ambos os tipos de centros reproducese para o ano 2017 (87,99% na ES e 95,08% na EC).

O volume de ingresos dos CEE en Galicia aumentou de forma considerable desde o ano 2013 ao 2016, especialmente no caso dos centros da economía capitalista, aínda que con todo presentan cifras inferiores aos centros da economía social.

7. AS CONFRARÍAS DE PESCADORES

7.1. Introducción

É indubidable a importancia do sector pesqueiro na economía galega dende fai séculos, o que o demostra a existencia de asociacións pesqueiras en Galicia previas á romanización (García Allut, 2003; García Mella, 2007). Hai autores que sitúan no século XII a data na que os pescadores organízanse por primeira vez na produción, comercialización e administración dos recursos pesqueiros a través dos “Gremios de Mareantes” (García Allut, 2003), aínda que podería haber antecedentes no século anterior, é no XII cando aparecen as primeiras referencias escritas en España e Francia (Botana Agra e Millán Calenti, 2016 baseado en Barrio García, 1998). En Galicia, a súa orixe sitúase no século XIII na chamada “Irmandade das vilas e marismas dos reinos de Asturias e Galicia” (Federación provincial de confrarías de pescadores de Lugo).

As confrarías modernas foron evolucionando dende as chamadas confrarías de pescadores gremiais, pasando polo pósito marítimo de pescadores, as confrarías sindicais de pescadores e as confrarías de pescadores preautonómicas (García Mella, 2004 y 2007). Na actualidade, a principal forma de organización do sector artesanal é a da confraría, que se financian a través das cotas dos socios, as porcentaxes de vendas dos produtos pesqueiros nas lonxas e as subvencións. De feito, estas organizacións pesqueiras foron xustificando, ao longo de diversas modificacións lexislativas, a súa existencia pola importante labor que realizan nos sectores da pesca artesanal, de baixura e no marisqueo e na comercialización das súas capturas e produtos (Botana Agra e Millán Calenti, 2016 e Barrio, 1998).

En Galicia as confrarías de pescadores (ao igual que outras fórmulas asociativas do sector pesqueiro) están reguladas pola Lei 11/2008 de 3 de decembro de pesca de Galicia

(art. 78 ao 95) e polo Decreto 8/2014 de 2014 de 16 de xaneiro⁹, que as definen como corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, representativas de intereses económicos dos seus asociados (armadores de buques de pesca e traballadores do sector extractivo) e que actúan como órganos de consulta e colaboración coas administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro.

Estas comunidades pesqueiras levan adiante proxectos para desenvolver programas de interese para o sector. Dende a aprobación do Decreto 8/2014, ademais, dispoñen dun marco xurídico que lles permite adaptarse a un mercado cambiante.....

Tal e como sinala CEPES (https://www.cepes.es/social/entidades_cofradias_pesca-dores) as confrarías de pescadores son entidades de dereito público sectoriais, sen ánimo de lucro, representativas dos intereses económicos de armadores de buques de pesca e de traballadores do sector extractivo, que actúan como órganos de consulta e colaboración entre as administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro.

As confrarías de pescadores intégranse na Lei 5/2011 de Economía Social de España (e, posteriormente, na Lei 6/2016 de Economía Social de Galicia) como entidades da ES, a pesar de existir un debate previo sobre si se deberían incluír ou non (Cervera Paz, 2010) outros autores como Botana Agra e Millán Calenti (2017) analizan como cumpren os requisitos fixados pola lei: a realización de actividades económicas, a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, a promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a aplicación dos resultados en función do traballo ou servizo aportado e independencia respecto aos poderes públicos.

7.2. Principais datos das confrarías galegas.

A exposición e primeira venda dos produtos pesqueiros frescos comercialízanse nas lonxas, maioritariamente xestionadas polas confrarías de pescadores. Segundo os datos publicados por CEPES en España hai 198 lonxas xestionadas por confrarías que facturan 4.815,3 millóns de euros. Os datos do número de confrarías e facturación por CC.AA., publicados por CEPES, recóllense na táboa 7.1.

⁹ Aínda que a lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro corresponde á Lei estatal 3/2001 de 26 de marzo de Pesca Marítima del Estado, que regulan as confrarías nos arts. 45 a 51.

Táboa 7.1. Número de confrarías e facturación en España

	Núm	Facturación (mill €)	%
ataluña	19	100,43	2,0
om. Valenciana	19	100,13	2,0
alicia	51	137,06	2,8
ndalucía	9	65,95	1,3
lurcia	3	15,74	0,3
antabria	1	n.d.	n.d.
sturias	16	2383,61	49,5
aleares	16	2011,48	41,7
anarias	3	n.d.	n.d.

Fonte: CEPES (<https://www.cep.es/social/estadisticas&t=cofradias>). Data de consulta: 30/07/2019

Nota: En Galicia, segundo os datos da Xunta de Galicia e as respectivas federacións de confrarías, hai 63 confrarías. Estes datos analizaranse a continuación. Os datos de facturación correspóndense cos datos de venda nas lonxas xestionadas polas confrarías, pero non coinciden co valor que estas publican nas súas web, polo que hai que tomar con cautela a comparación a nivel nacional.

Táboa 7.2. Afiliados nas confrarías de Galicia por provincia

FEDERACION	EMPRESAS	% TOTAL	% EMPRESAS	TRABALL.	% TOTAL	% TRABALL.	AFILIADOS	% TOTAL
A CORUÑA	2.143	16,83	49,70	4.306	33,81	51,13	6.449	50,64
LUGO	146	1,15	3,39	652	5,12	7,74	798	6,27
PONTEVEDRA	2.023	15,89	46,92	3.464	27,00	41,13	5.487	43,09
TOTAL	4.312	33,86	100	8.422	66,14	100	12.734	100
TIPO DE EMPRESAS								
FEDERACION	PERSONAS FISICAS		PERSONAS XURÍDICA		OUTROS		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	TOTAL	%
A CORUÑA	1.842	49,28	91	39,91	210	60,69	2.143	49,70
LUGO	57	1,52	59	25,88	30	8,67	146	3,39
PONTEVEDRA	1.839	49,20	78	34,21	106	30,64	2.023	46,92
TOTAL	3.738	100	228	100	346	100	4.312	100

Fonte: Federación Galega de Confrarías de Pescadores de Galicia. <http://confrariasgalicia.org/afiliados/> Data de consulta: 02/08/2019

En Galicia, segundo os datos da Xunta de Galicia e as federacións provinciais e galega, hai 63 confrarías: 6 na provincia de Lugo, 35 na provincia de A Coruña e 22 na de Pontevedra. O número total de empresas afiliadas é de 4.312 das cales o 49,7% atópanse na provincia de A Coruña, o 46,92% en Pontevedra e o 3,39% en Lugo. O número de traballadores afiliado é de 8.422, o 51,13% pertencen a provincia de A Coruña, o 41,13 a de Pontevedra e o 5,12% a de Lugo.

As empresas afiliadas representan o 33,86% do total, sendo os traballadores o 66,14% restante. Se analizamos o tipo de empresas, o 86,69% son persoas físicas, o 5,29% persoas xurídicas e outros, o 8,02%.

Táboa 7.3. Afiliados nas confrarías galegas: desagregación por xénero

FEDERACIÓN	EMPRESAS PERSOAS FÍSICAS					TRABALLADORES PERSOAS FÍSICAS				
	HOME		MULLER		TOTAL (número)	HOME		MULLER		TOTAL (número)
	Número	%	Número	%		Número	%	Número	%	
A CORUÑA	1.693	91,91	149	8,09	1.842	2.740	63,63	1.566	36,37	4.306
LUGO	41	71,93	16	28,07	57	616	94,48	36	5,52	652
PONTEVEDRA	1.577	85,75	262	14,25	1.839	1.495	43,16	1.969	56,84	3.464
TOTAL	3.311	88,58	427	11,42	3.738	4.851	57,60	3.571	42,40	8.422

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Federación Galega de Confrarías de Pescadores de Galicia.
<http://confrariasgalicia.org/afiliados/> Data de consulta: 02/08/2019

No conxunto galego, a maior representatividade da muller dentro dos afiliados nas confrarías de pescadores prodúcese no colectivo de traballadores, acadando un total de 3.571 afiliacións e representando o 42% do total. Esta cifra redúcese a 427 afiliacións no caso das empresas, representando o 11,4% deste colectivo.

Por provincias hai grandes variacións na representatividade feminina: Dentro dos traballadores temos que en Pontevedra case o 57% dos afiliados son mulleres pero en Lugo non chegan ao 6% (hai que ter en conta que nesta provincia o maior peso de actividade económica das confrarías céntrase na pesca e non no marisqueo, actividade onde a presenza da muller é moi elevada). No caso da representatividade empresarial, prodúcese o paradoxo de que é precisamente Lugo a provincia onde se presenta a maior representatividade da muller (o 28%). Pola contra, é A Coruña onde se presenta a menor, xa que só o 8% das afiliacións son de mulleres.

A escasa representatividade da muller, nalgún dos grupos que conforman as nas confrarías, provoca (entre outras razóns analizadas por Bastida, Cancelo, Alfonso, Pérez e Rivas, 2003) a reducida presenza da muller nos órganos de xestión das confrarías e das federacións, que deben representar a totalidade dos sectores de produción que a integran.

Das 4.312 empresas pertencentes as confrarías galegas, o 41% corresponden a actividade de marisqueo e flote, o 33% a artes menores da pesca, ou pesca tradicional, e case o 13% a outros (bateas..). Por provincias, o marisqueo e a actividade principal en A Coruña e Pontevedra seguido das artes menores sendo esta última a actividade principal en Lugo seguida da pesca de altura e gran altura na que sería a primeira provincia nesta actividade.

Táboa 7.4. Datos de afiliación nas confrarías galegas por federacións segundo colectivos


Federación	A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	TOTAL	% s/Total
Artes Menores	791	66	570	1.427	33,09
Recursos específicos	142	7	163	312	7,24
Cerco	63	8	55	126	2,92
Pesca Litoral	14	13	4	31	0,72
Altura e gran altura	9	48	34	91	2,11
Volanteiro	10	1	0	11	0,26
Marisqueo e flote	951	0	819	1.770	41,05
Outros (bateas..)	163	3	378	544	12,62
TOTAL	2.143	146	2.023	4.312	100
Total (%)	49,70	3,39	46,92	100	

Fonte: Federación Galega de Confrarías de Pescadores de Galicia. <http://confrariasgalicia.org/afiliados/> Data de consulta: 02/08/2019

7.3. A flota pesqueira en Galicia.

A pesca inclúe toda a actividade económica procedente da extracción, acuicultura, piscicultura, marisqueo e todo o procesado dos produtos destas modalidades, é un sector estratéxico para Galicia, non só polo seu peso económico senón, pola súa dimensión social xa que contribúe á fixación de poboación nas zoas costeiras menos desenvoltas. Como xa se adiantou, as confrarías de pescadores son as principais organizacións asociativas no ámbito da pesca e para tratar de cuantificar a súa importancia, analizaremos varios indicadores, dende o punto de vista dos recursos (buques, permisos de marisqueo) como de resultados (capturas de peixes e vendas nas lonxas). Neste apartado recolleemos a principal información para definir e cuantificar a flota pesqueira galega.

Táboa 7.5. Número de buques pesqueiros e arqueo (GT) da flota por C. A. do porto base.2018

	Año 2018	
	Nº Buques	Arqueo (GT)
 GALICIA	4.400	137.830
 ASTURIAS	261	4.917
 CANTABRIA	133	7.062
 P. VASCO	200	87.232
 CATALUÑA	683	17.884
 C. VALENCIANA	567	17.934
 I. BALEARES	331	3.123
 ANDALUCIA	1.442	30.181
 MURCIA	170	3.283
 CEUTA	19	309
 MELILLA	0	0
 I. CANARIAS	766	21.702
	8.972	331.458

Fonte: Datos do Censo de Flota Pesquera operativa a 31 de decembro de cada ano. Estadísticas Pesqueras. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

Na táboa anterior recóllese o número de buques pesqueiros e arqueo da flota nas Comunidades Autónomas españolas, onde se pode ver a importancia da galega no total español, xa que, no ano 2018, representaba o 49% do total de buques e case o 42% do arqueo. Sinalar que o dato do total de Galicia non coincide co que recollemos na táboa 7.6, que obtivemos directamente das webs das federacións de confrarías provinciais galegas, posiblemente por estar o último máis actualizado.

Táboa 7.6. Flota pesqueira (% sobre o total) no Cantábrico-Noroeste por CC. AA.

	Galicia	Asturias	Cantabria	País Vasco
Arrastre de fondo no Cantábrico NW	87,01	5,19	2,60	5,19
Cerco no Cantábrico NW	56,65	3,80	15,97	23,57
Artes menores no Cantábrico NW	91,99	4,73	1,48	1,80
Só artes menores (1)	91,37	5,10	1,59	1,94
Palangre de fondo no Cantábrico NW	39,39	36,36	7,58	16,67
Palangre de superficie en C. NW	98,11	0,00	0,00	1,89
Rasco en C. NW.	16,67	16,67	41,67	25,00
Volanta no C. NW.	62,22	20,00	15,56	2,22
TOTAL	88,65	5,28	2,69	3,38
TOTAL sin marisqueo a flote e RREE	87,88	5,63	2,87	3,61

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados pola Federación provincial de confrarías de pescadores de Pontevedra. <https://fpcppontevedra.gal/importancia/> (consultado o 04/08/2019)

Táboa 7.7. Flota pesqueira nas confrarías galegas

FEDERACION	Buques		Arqueo		Potencia	
	(Número)	%	(GT)	%	(CV)	%
A CORUÑA	2.261	50,96	39.861	28,00	51.026	17,97
LUGO	176	3,97	24.349	17,10	51.026	17,97
PONTEVEDRA	2.000	45,08	78.164	54,90	181.883	64,06
TOTAL	4.437	100	142.374	100	283.935	100

Fonte: Federacións de confrarías de A Coruña, Lugo e Pontevedra. Data de consulta: 02/09/19

Dos 4.437 buques das confrarías galegas, sumadas as cifras publicadas nas webs das respectivas federacións provinciais, case o 51% estarían nas coruñesas, o 45% en Pontevedra e o 4% en Lugo. Sen embargo, se analizamos a capacidade da flota, Pontevedra tería o 55%, Coruña descende ao 28% e Lugo incrementa fortemente a súa importancia, co 17% das GT's, polo que a flota lucense tería unha capacidade media máis elevada co resto.

Ao mesmo resultado se pode chegar analizando a potencia, onde A Coruña con 2.261 embarcacións presenta a mesma potencia que Lugo, que só ten 176 barcos.

Na seguinte táboa recóllese a evolución da flota pesqueira en Galicia entre os anos 2015 e 2018 desagregando en función do tipo de pesca: internacional (gran altura), comunitaria (altura) e nacional (Cantábrico- Noroeste).

O número de buques pesqueiros está a descender en Galicia entre os anos 2015 e 2018, pasando de 4.438 a 4.371, cunha taxa de variación anual media do -0,5%. A variación en todos os caladoiros é negativa, sendo a maior redución a dos buques que faenan na pesquería internacional, -2,6%, seguida da comunitaria, -0,9% e a dos que operan nos caladoiros nacionais, -0,5%).

A maior parte da nosa flota pesqueira opera nos caladoiros nacionais (Cantábrico/ Noroeste) 4.251 buques no ano 2018, aumentando o seu peso entre os anos 2015 e 2018 dada a mellor evolución que no resto da flota.

Con relación ao arqueo da flota, detéctase unha diminución do mesmo, pasando de 142.155 GT's do ano 2015 aos 126.451 do ano 2018, cunha redución de 15.704 GT's e un ritmo de variación media anual de case un -4%. Por caladoiros a maior capacidade preséntase nos buques que operan na pesquería internacional, seguida dos que operan no nacional e, por último temos os que traballan no caladoiro comunitario. A maior redución de arqueo entre os anos 2015 e 2018 se produce na pesca de gran altura (-6% de variación media anual), seguida da de altura (-1,6%) e a menor caída relativa preséntase no caladoiro nacional (-1,3%). Resultados similares se presentan se analizamos os datos de potencia dos buques.

Táboa 7.8. Buques pesqueiros en Galicia: 2015-2018

	Buques pesqueiros					
	2015	2016	2017	2018	Variación 2018/15	T.V.A.(%) 2018/15
Total	4.438	4.430	4.419	4.371	-67	-0,51
Pesquería internacional. Gran altura	105	104	100	97	-8	-2,61
Pesquería comunitaria. Altura	72	69	68	70	-2	-0,93
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	4.261	4.257	4.251	4.204	-57	-0,45
Arqueo GT						
Total	142.155	143.567	139.710	126.451	-15.704	-3,83
Pesquería internacional. Gran altura	75.851	78.989	75.884	62.880	-12.971	-6,06
Pesquería comunitaria. Altura	20.902	19.685	19.402	19.905	-997	-1,62
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	45.402	44.893	44.424	43.666	-1736	-1,29
Potencia C.V.						
Total	366.356	371.743	365.916	342.163	-24.193	-2,25
Pesquería internacional. Gran altura	121.029	124.824	119.442	97.909	-23.120	-6,82
Pesquería comunitaria. Altura	40.262	38.293	39.107	40.028	-234	-0,19
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	205.064	208.626	207.366	204.226	-838	-0,14

Fonte: IGE a partir dos datos da Consellería do Mar. Rexistro de Buques pesqueiros. Datos a 31 de decembro de cada ano

7.4. Permisos de marisqueo

O marisqueo consiste no exercicio da actividade extractiva, a pé ou dende embarcación, de varias especies de moluscos, crustáceos e outras especies. A súa regulación está recollida na Ley 11/2008 de 3 de decembro de Pesca de Galicia, a cal realiza unha clasificación das zoas de explotación marisqueira e regula a forma de outorgar as autorizacións ou concesións, a cal corresponde, na actualidade a Consellería do Mar, da Xunta de Galicia.

Táboa 7.9. Permisos de marisqueo en Galicia 2015-18

	Número			Taxas de variación (%)	
	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2015	3.826	846	2.980		
2016	3.799	961	2.838	13,59	-4,77
2017	3.797	990	2.807	3,02	-1,09
2018	3.792	1.070	2.722	8,08	-3,03

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar

No ano 2018 en Galicia había un total de 3.792 permisos para o marisqueo, 34 menos que no ano 2015. Esta redución prodúcese nos marisqueos asinados as mulleres, que pasaron dos 2.980 no ano 2015 aos 2.722 no ano 2018, po lo tanto -258 permisos, con taxas de variación anuais de case -5%, -1% e -3%. Pola contra, neste período aumentan os permisos de marisqueo aos homes, pasando dos 846 do ano 2015 aos 1.070 do ano 2018 (224 máis), e taxas de variacións anuais do case 14%, 3% e 8%.

Táboa 7.10. Permisos de marisqueo segundo idade e sexo

	2015				2018			
	Número de permisos		% sobre o total		Número de permisos		% sobre o total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	846	2.980	100	100	1.070	2.722	100	100
Ata 30 anos	110	84	13,00	2,82	113	82	10,56	3,01
De 31 a 40 anos	271	352	32,03	11,81	284	334	26,54	12,27
De 41 a 50 anos	284	841	33,57	28,22	398	792	37,20	29,10
De 51 a 60 anos	156	1.210	18,44	40,60	241	1.072	22,52	39,38
Máis de 60 anos	25	493	2,96	16,54	34	442	3,18	16,24

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar

No caso das mulleres, a maior porcentaxe de permisos, no ano 2018, concéntranse no tramo de idade comprendido entre os 51 e os 60 anos (39%), seguido das mulleres entre 41 e 50 anos (29%), as maiores de 60 anos (16%), as que teñen entre 31 e 40 anos (12%) e, a menor porcentaxe atópase no grupo de mulleres menores de 31 anos (3%). A distribución é semellante a que había no ano 2015.

No caso dos homes, a maior porcentaxe de permisos a atopamos nos que teñen unha idade comprendida entre os 41 e os 50 anos (37%), seguida dos comprendidos entre 31 e 40 anos (26,5%), os que teñen entre 51 e 60 anos (22,5%), os menores de 31 anos (10,6%) e, por último, os que teñen máis de 60 anos (3%). En comparación co ano 2015 vese unha redución dos permisos nos primeiros tramos de idade e un aumento nos últimos tramos.

En calquera caso, esta distribución mostra que as mulleres mariscadoras teñen unha idade media máis elevada ca dos homes, aínda que para eles, parece que estase a elevar a idade media tamén, o que se terá que ir analizando nos próximos anos.

Táboa 7.11. Variación dos permisos de marisqueo 2015-2018 por tramos de idade e sexo

	Absoluta (número)		T.V.A. media (%)	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	224	-258	8,14	-2,97
Ata 30 anos	3	-2	0,90	-0,80
De 31 a 40 anos	13	-18	1,57	-1,73
De 41 a 50 anos	114	-49	11,91	-1,98
De 51 a 60 anos	85	-138	15,60	-3,96
Máis de 60 anos	9	-51	10,79	-3,57

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar

O aumento dos permisos de marisqueo asinados aos homes percíbese en todos os tramos de idade, sendo os máis importantes os que se producen nos tramos de idade comprendidos entre 51 e 60 anos (cun aumento de 114 permisos, e unha taxa de variación anual media de case 16%) e o comprendido entre os 41 e os 50 anos (cun aumento de 85 permisos e unha taxa de variación media anual de case o 12%).

Nas mulleres acontece o contrario. Estase a producir unha diminución do número de permisos asignados en todos os tramos de idade, sendo as maiores reducións as que se producen nos tramos de idade comprendidos entre os 51 e 60 anos (cunha perda de 138 permisos, e unha taxa de variación anual media de case o -4%) e as maiores de 60 anos (onde se perden 51 permisos, cunha taxa de variación anual media do -3,6%).

Táboa 7.12. Distribución dos permisos de marisqueo entre homes e mulleres

	2015		2018	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	22,11	77,89	28,22	71,78
Ata 30 anos	56,70	43,30	57,95	42,05
De 31 a 40 anos	43,50	56,50	45,95	54,05
De 41 a 50 anos	25,24	74,76	33,45	66,55
De 51 a 60 anos	11,42	88,58	18,35	81,65
Máis de 60 anos	4,83	95,17	7,14	92,86

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar

Por idades, no ano 2018, as mulleres teñen a maior porcentaxe de permisos en todas as idades agás no primeiro tramo (ata 30 anos). Así, representan case o 72% do total, o 54% das persoas comprendidas entre 31 e 40 anos, o 66,6% das comprendidas entre 41 e 50 anos, case o 82% das que teñen entre 51 e 60 anos e case o 93% das maiores de 60 anos. Como dicíamos, os homes só superan as mulleres no primeiro tramo (ata 30 anos) representando case o 60% dos permisos de marisqueo.

Táboa 7.13. Permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupacións de mariscadores

CONFRARÍA ou ORGANIZACIÓN	Total		Homes		Mulleres	
	2015	2018	2015	2018	2015	2018
TOTAL	3.826	3.792	846	1.070	2.980	2.722
A CORUÑA	1.614	1.595	468	594	1.146	1.001
Agrupación mariscadores Río Anllón	30	30	4	10	26	20
Confraría de A Coruña	92	71	50	40	42	31
Confraría de A Pobra do Caramiñal	113	112	29	39	84	73
Confraría de Barallobre (Fene)	56	56	23	31	33	25
Confraría de Cabo de Cruz (Boiro)	173	180	43	62	130	118
Confraría de Camariñas	65	67	6	5	59	62
Confraría de Cariño	14	17	4	6	10	11
Confraría de Cedeira	30	26	10	12	20	14
Confraría de Corme (Ponteceso)	32	27	14	17	18	10
Confraría de Espasante	18	20	9	13	9	7
Confraría de Ferrol	44	44	41	41	3	3
Confraría de Lira (Carnota)	16	25	1	9	15	16
Confraría de Malpica	29	30	17	20	12	10
Confraría de Miño	16	19	1	8	15	11
Confraría de Mugar dos	62	62	26	36	36	26
Confraría de Muros	81	79	21	23	60	56
Confraría de Muxía	52	49	40	37	12	12
Confraría de Noia	390	393	44	70	346	323
Confraría de O Pindo (Carnota)	28	27	10	18	18	9
Confraría de Pontedeume	20	19	6	6	14	13
Confraría de Rianxo	142	139	16	39	126	100
Con menos de 15 permisos	125	120	57	58	68	62
LUGO	42	40	19	24	23	16
Confraría de Ribadeo	19	18	12	14	7	4
Con menos de 15 permisos	23	22	7	10	16	12
PONTEVEDRA	2.170	2.157	359	452	1.811	1.705
Confraría de A Guarda	52	49	19	19	33	30
Confraría de Arcade (Soutomaior)	101	102	17	25	84	77
Confraría de Baiona	70	54	14	20	56	34
Confraría de Cambados	202	204	10	13	192	191
Confraría de Carril (Vilagarcía)	83	84	10	17	73	67
Confraría de Lourizán (Pontevedra)	151	158	60	72	91	86
Confraría de Moaña	72	51	0	0	72	51
Confraría de O Grove	411	401	61	86	350	315
Confraría de Pontevedra	227	227	69	67	158	160
Confraría de Raxó (Poio)	43	43	22	26	21	17
Confraría de Redondela	130	134	34	26	96	108
Confraría de Vilaboa	65	64	4	8	61	56
Confraría de Vilanova	228	246	18	40	210	206
Confraría de Vilaxoán (Vilagarcía)	59	68	7	14	52	54
O.P.P. 20 - A Illa de Arousa	253	248	2	7	251	241
Con menos de 15 permisos	23	24	12	12	11	12

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar

Táboa 7.14. Variación nos permisos de marisqueo 15-18, peso das confrarías e outras organizacións, e peso da muller

CONFRARÍA ou ORGANIZACIÓN	T.V.A. 18/15			% S/ total	% Mulleres 18
	Total	Homes	Mulleres		
TOTAL	-0,30	8,14	-2,97	100	71,78
A CORUÑA	-0,39	8,27	-4,41	42,06	62,76
Agrupación mariscadores Río Anllón	0,00	35,72	-8,37	0,79	66,67
Confraría de A Coruña	-8,27	-7,17	-9,63	1,87	43,66
Confraría de A Pobra do Caramiñal	-0,30	10,38	-4,57	2,95	65,18
Confraría de Barallobre (Fene)	0,00	10,46	-8,84	1,48	44,64
Confraría de Cabo de Cruz (Boiro)	1,33	12,97	-3,18	4,75	65,56
Confraría de Camariñas	1,02	-5,90	1,67	1,77	92,54
Confraría de Cariño	6,69	14,47	3,23	0,45	64,71
Confraría de Cedeira	-4,66	6,27	-11,21	0,69	53,85
Confraría de Corme (Ponteceso)	-5,51	6,69	-17,79	0,71	37,04
Confraría de Espasante	3,57	13,04	-8,04	0,53	35,00
Confraría de Ferrol	0,00	0,00	0,00	1,16	6,82
Confraría de Lira (Carnota)	16,04	108,01	2,17	0,66	64,00
Confraría de Malpica	1,14	5,57	-5,90	0,79	33,33
Confraría de Miño	5,90	100,00	-9,82	0,50	57,89
Confraría de Murgados	0,00	11,46	-10,28	1,64	41,94
Confraría de Muros	-0,83	3,08	-2,27	2,08	70,89
Confraría de Muxía	-1,96	-2,57	0,00	1,29	24,49
Confraría de Noia	0,26	16,74	-2,27	10,36	82,19
Confraría de O Pindo (Carnota)	-1,20	21,64	-20,63	0,71	33,33
Confraría de Pontedeume	-1,70	0,00	-2,44	0,50	68,42
Confraría de Rianxo	-0,71	34,58	-7,41	3,67	71,94
Con menos de 15 permisos				0,00	
LUGO	-1,61	8,10	-11,39	1,05	40,00
Confraría de Ribadeo	-1,79	5,27	-17,02	0,47	22,22
Con menos de 15 permisos					
PONTEVEDRA	-0,20	7,98	-1,99	56,88	79,04
Confraría de A Guarda	-1,96	0,00	-3,13	1,29	61,22
Confraría de Arcade (Soutomaior)	0,33	13,72	-2,86	2,69	75,49
Confraría de Baiona	-8,29	12,62	-15,32	1,42	62,96
Confraría de Cambados	0,33	9,14	-0,17	5,38	93,63
Confraría de Carril (Vilagarcía)	0,40	19,35	-2,82	2,22	79,76
Confraría de Lourizán (Pontevedra)	1,52	6,27	-1,87	4,17	54,43
Confraría de Moaña	-10,86		-10,86	1,34	100,00
Confraría de O Grove	-0,82	12,13	-3,45	10,57	78,55
Confraría de Pontevedra	0,00	-0,98	0,42	5,99	70,48
Confraría de Raxó (Poio)	0,00	5,73	-6,80	1,13	39,53
Confraría de Redondela	1,02	-8,55	4,00	3,53	80,60
Confraría de Vilaboa	0,00	6,27	-100,00	0,16	0,00
Confraría de Vilanova	-0,52	25,99	-2,81	1,69	87,50
Confraría de Vilaxoán (Vilagarcía)	2,57	30,50	-0,64	6,49	83,74
O.P.P. 20 - A Illa de Arousa	4,85	25,99	1,27	1,79	79,41
Con menos de 15 permisos	-0,66	51,83	-1,35	6,54	97,18

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar

Nas táboas anteriores recóllense o reparto dos permisos de marisqueo a pé, segundo sexo e confrarías (ou agrupación de mariscadores), así como as variacións entre os anos 2015 e 2018.

Aquelas que teñen un número de permisos inferior ou igual a 15 agrupáronse por provincia. En A Coruña suman 13 das que 11 son confrarías, 1 é unha cooperativa do mar e 1 é unha agrupación. En Lugo agregáronse 6 das que 5 son confrarías e 1 é unha asociación de mariscadoras. Por último, na provincia de Pontevedra agregáronse os datos de 4 confrarías.

O maior número de permisos de marisqueo á pe concéntrase na provincia de Pontevedra (case o 57% do total), cun total de 2.157 permisos no ano 2018, que son xestionados por un total de 18 confrarías e unha O.P.P. Con relación ao ano 2015 prodúcese unha redución dos permisos, o que acontece en todas as provincias e na maioría das confrarías ou agrupacións. Na provincia os permisos están concentrados nun menor número de asociacións ou confrarías, de feito hai varias confrarías que teñen, no ano 2018 máis de 200 permisos (o que non acontece nas outras dúas provincias marítimas galegas). Destacando a Confraría de O Grove (401) as outras son as de Cambados (204), Pontevedra (227) e Vilanova (246). A O.P.P. A Illa de Arousa está a xestionar 248 permisos.

A provincia que segue, polo seu peso no total dos permisos galegos e A Coruña con 1.595 que representan o 42% do total e que son xestionados por 31 confrarías, 2 agrupacións do mar e 1 cooperativa do mar. No caso da provincia de A Coruña é o contrario do pontevedrés xa que case hai o duplo de asociacións xestionando os permisos, que son de contía inferior, polo que hai unha maior dispersión dos permisos na provincia, na que só a confraría de Noia con 393 permisos supera os 200 que son xestionados por varias agrupacións pontevedresas. Das outras confrarías da provincia destacan a de Cabo de Cruz (Boiro) con 180 permisos seguida de Rianxo (139) e, por último a de A Pobra, con 112.

A provincia de Lugo é na que se detecta unha menor actividade marisqueira, con 40 permisos representa o 1% do total. A confraría con maior número de permisos é a de Ribadeo (18), e as outras 4 confrarías e 1 asociación de mariscadores terían os 22 permisos restantes.

Con relación ao ano 2015 é a provincia de Lugo a que presenta a peor variación do número de permisos, cunha taxa de variación anual media de -1,6% seguida de A Coruña (-0,4) e Pontevedra (-0,2%). Ao igual que acontecía co total galego, os permisos asignados a homes están a medrar en todas as provincias mentres que decrecen os das mulleres.

A maior porcentaxe de permisos asignados ás mulleres no ano 2018 prodúcese en Pontevedra, onde as mariscadoras posúen o 79% do total, seguido de A Coruña (63%) e, por último Lugo, onde só o 40% dos permisos están asignados a mulleres. Por confrarías a situación é moi desigual, variando o peso da muller no marisqueo dende o escaso 7% na de Ferrol e case o 93% na de Camariñas.

7.5. Venda nas lonxas galegas

As lonxas son as instalacións nas que se realiza a primeira venda dos produtos da pesca e do marisqueo, sendo o control do desembarque e a primeira venda responsabilidade dos titulares da concesión da mesma (Xunta de Galicia, PescadeRías). Creáronse nos anos 40

do pasado século para concentrar a oferta dos produtos pesqueiros nos diferentes portos (García Allut, 2003).

A maior parte do peixe que se vende nas lonxas (41 en Galicia) é xestionado polas confrarías de pescadores, con algunhas excepcións: a asociación de armadores de Burela, a Autoridade Portuaria de Vigo, algunha cooperativa, una asociación de marisqueiras, unha Organización de Produtores Pesqueiros e un par de sociedades (venta de algas).

A importancia do sector e a busca continua da mellora no mesmo leva a que no ano 2008 dende a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, cree a marca “PescadeRías” como “selo de identidade para a promoción e defensa dos pescados e marisco procedente da flota artesanal” na que están asociadas as lonxas galegas, entre outros centros e empresas de distribución ou transformación. Na súa web atópase a información relativa as lonxas da nosa CC.AA.

Na primeira táboa recóllese información sobre a pesca capturada nos portos de titularidade estatal e das comunidades autónomas co obxectivo de establecer opeso relativo de Galicia no conxunto do Estado.

Táboa 7.15. Pesca capturada nos portos de titularidade estatal e das comunidades autónomas

Portos según titularidade	Pesca total (toneladas)		TVA 17/15	% no 2017/17
	2015	2017		
España: total portos	454.279	464.326	1,10	100
España: portos da Admón. do Estado	220.130	243.073	5,08	52,3
España: portos das CCAA	234.149	221.253	-2,79	47,7
Galicia: total portos	229.965	263.200	6,98	100
Galicia: portos da Admón. do Estado	123.666	142.393	7,30	54,1
A Coruña	43.739	51.102	8,09	19,4
Ferrol - San Cibrao	268	219	-9,60	0,1
Marín - Pontevedra	1.796	1.945	4,07	0,7
Vigo	77.863	89.127	6,99	33,9
Portos da Comunidade Autónoma	106.299	120.807	6,61	45,9

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE con datos do anuario estatístico de Portos do Estado

No conxunto dos portos galegos no ano 2017 desembarcáronse 263.200 toneladas de peixe, representando case o 57% do conxunto de España. A maior parte deste peixe, 142.393 toneladas desembarcou en portos galegos de titularidade da Administración do Estado (54%) mentres que nos portos da C.A. desembarcáronse 120.807 toneladas (o 46% restante). Se analizamos os datos de peixe desembarcado nos portos da Administración do Estado con relación ao total español, son 142.393 toneladas a desembarcadas (case o 59% do conxunto) e no caso dos portos de titularidade da comunidade, as 120.807 toneladas representaron case o 55% do total. A importancia da pesca galega no conxunto español é, independentemente da titularidade do porto, moi elevada.

A Federación provincial de Confrarías de pescadores de Pontevedra publica, na súa web, os datos das descargas (en Kgs) e de vendas (en euros) nas lonxas galega para os anos 2015 e 2016, a nivel provincial. Esta información permitiranos analizar a nivel provincia o seu peso relativo, é facer unha aproximación dos prezos xa que se determinan en réxime de poxa e non ten porque ser os mesmos nas distintas lonxas e provincias.

Con relación ao ano 2015 medra máis a captura de peixe en Galicia (7%) que no conxunto de España (1%). Nos portos de titularidade estatal as capturas medran un 5%, e nos galegos un 7,3%. En cambio, nos portos de titularidade das CC.AA. a pesca cae cunha taxa de variación anual media do -2,8% mentres que nos portos galegos as capturas medran, cunha taxa de variación media anual do 6,6%. Isto provoca un incremento do peso galego na pesca española no ano 2017.

Táboa 7.16. Descargas (kgs) e Vendas (€) nas lonxas galegas

Provincia	DATOS ANUALES (2015)				DATOS ANUALES (2016)			
	Quilos	%	Importe €	%	Quilos	%	Importe €	%
A Coruña	95.978.643	53,19	173.281.765	37,84	97.752.713	51,85	178.794.899	36,40
Lugo	40.753.018	22,58	127.086.864	27,75	40.093.702	21,27	130.298.593	26,53
Pontevedra	43.727.498	24,23	157.576.770	34,41	50.677.048	26,88	182.110.332	37,07
TOTAL	180.459.160	100	457.945.400	100	188.523.465	100	491.203.825	100

Fonte: Federación provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra

<https://fpcppontevedra.gal/importancia/> (data de consulta: 04/08/2019)

No ano 2016 no conxunto de Galicia desembarcáronse máis de 188 millóns de quilos de peixe que acadaron un valor de venda de máis de 490 millóns de euros nas lonxas galegas. Case o 52% da pesca desembarcada se sitúa na provincia de A Coruña (máis de 97 millóns de quilos cun valor de preto de 179 millóns de euros, que representa o 36% do valor das vendas galegas). En pesca desembarcada, a segunda provincia en importancia é Pontevedra, con máis de 50 millóns de quilos (case o 27% do total) cun valor de venda nas lonxas por máis de 182 millóns de euros (o 37%). Lugo, estaría en terceiro lugar, con algo máis de 40 millóns de quilos desembarcados (o 21%) e un valor de venda de máis de 130 millóns (case o 26%). Analizando as distintas variacións nos porcentaxes pódese deducir que Pontevedra cunha menor porcentaxe de peixe desembarcado (27%) acada un maior valor das vendas (37%), no caso de Lugo acontece o mesmo, pero con unha menor dispersión. O caso contrario prodúcese na provincia de A Coruña onde o peixe desembarcado representa case o 52% pero o valor das vendas o 36%. Isto pode ser debido ao tipo de especie desembarcado nos portos de cada provincia e os prezos acadados nas puxas.

Se analizamos os datos publicados pola Consellería do Mar, no seu Anuario de Pesca, no que se recolle a información segundo as lonxas con maior produción, a Lonxa de a Coruña cun volume de vendas de 40 mil toneladas representa o 23% do total, en termos monetarios as vendas acadan un valor de máis de 78 millóns de euros, representando o 16% do total. A de Vigo sería a segunda en importancia, cun volume de máis de 32 mil toneladas (18,5% do

total) e un valor económico de máis de 106 millóns de euros (o 22% do total). As seguintes lonxas en importancia, segundo o volume de peixe son: Ribeira (16,5%), Burela (11,4%) e Celeiro (8%).

Con relación ao 2015, nestas lonxas diminúe a cantidade de peixe desembarcada a unha taxa de variación media anual do -1,2% pero medra o valor monetario da mesma (2,3%). Nas lonxas de A Coruña, Ribeira e Vigo medra non só o valor monetario, senón tamén o volume de venda.

Táboa 7.17. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo lonxa. Cantidade (toneladas) e valor (euros)

Lonxa	Toneladas		TVA (%)	% s/Tot	Miles de euros		TVA (%)	% s/Tot
	2015	2018			2015	2018		
Total	180.464	174.298	-1,15	100	458.195	490.993	2,33	100
Burela	24.791	19.852	-7,14	11,39	74.591	68.706	-2,70	13,99
Celeiro	15.940	14.132	-3,93	8,11	52.336	49.303	-1,97	10,04
A Coruña (L	39.650	40.147	0,42	23,03	78.234	78.369	0,06	15,96
Ribeira	27.708	28.741	1,23	16,49	32.954	43.444	9,65	8,85
Vigo	32.138	32.161	0,02	18,45	103.369	106.159	0,89	21,62
Resto	40.236	39.266	-0,81	22,53	116.712	145.012	7,51	29,53

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, procedentes da Consellería do Mar. Anuario de Pesca.

Nota: noméanse as lonxas con maior nivel de produción

Na seguinte táboa recóllese a venda de produtos segundo a especie. Así, o peixe é a especie máis relevante xa que supón o 90% da venda en volume e o 71% en valor monetario, aínda que entre os anos 2015 e 2018 en ambos casos, hai unha redución tanto en volume, como no prezo de venda.

A segunda especie máis relevante é a dos bivalvos, que representan o 5% das vendas en toneladas e case o 18% en valor, medrando cunha taxa de variación media anual de case o 7% no primeiro caso, e do 10% no segundo.

Os cefalópodos serían a terceira especie en importancia, e a súa venda aínda que está a caer en volume (nunha media de case o -5% anual) presenta unha variación positiva en valor (cun crecemento medio anual do 15%).

As outras especies máis relevantes son: crustáceos, equinodermos, ourizos e algas. Se analizamos o seu peso en termos económicos, salvo as algas, todos acadan un maior peso no total que cando medimos en volume, destacando os crustáceos que representan o 4% do valor total das vendas e o 0,7% do volume.

7.18. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo especie. Cantidad (toneladas) e valor (euros)

	Toneladas		TVA (%) 2018/15	% s/Tot 2018	Miles de euros		TVA (%) 2018/15	% s/Tot 2018
	2015	2018			2015	2018		
Total	180.464	174.298	-1,15	100	458.195	490.993	2,33	100
Algas	450	422	-2,12	0,24	304	333	3,08	0,07
Bivalvos	7.777	9.522	6,98	5,46	64.058	86.149	10,38	17,55
Cefalópodos	5.067	4.417	-4,47	2,53	18.983	28.889	15,02	5,88
Crustáceos	980	1.283	9,40	0,74	16.371	20.611	7,98	4,20
Equinodermos	641	791	7,26	0,45	2.505	4.672	23,09	0,95
Ourizo	634	640	0,31	0,37	2.488	4.436	21,26	0,90
Gasterópodos	3	4	10,06	0,00	9	31	51,02	0,01
Peixes	165.149	157.565	-1,55	90,40	354.791	348.996	-0,55	71,08
Poliquetos	5	5	0,00	0,00	250	299	6,15	0,06
Resto	393	290	-9,63	0,17	923	1.014	3,18	0,21

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, procedentes da Consellería do Mar. Anuario de Pesca.

Nota: noméanse as lonxas con maior nivel de produción

7.6. Principais conclusións e recomendacións

En Galicia, segundo os datos da Xunta de Galicia e as federacións provinciais e galega, hai 63 confrarías: 6 na provincia de Lugo, 35 na provincia de A Coruña e 22 na de Pontevedra. O número total de empresas afiliadas é de 4.312 das cales o 49,7% atópanse na provincia de A Coruña, o 46,92% en Pontevedra e o 3,39% en Lugo. O número de traballadores afiliado é de 8.422, o 51,13% pertencen a provincia de A Coruña, o 41,13 a de Pontevedra e o 5,12% a de Lugo.

As empresas afiliadas representan o 33,86% do total, sendo os traballadores o 66,14% restante. Se analizamos o tipo de empresas, o 86,69% son persoas físicas, o 5,29% persoas xurídicas e outros, o 8,02%.

No conxunto galego, a maior representatividade da muller dentro dos afiliados nas confrarías de pescadores prodúcese no colectivo de traballadores, acadando un total de 3.571 afiliacións e representando o 42% do total. Esta cifra redúcese a 427 afiliacións no caso das empresas, representando o 11,4% deste colectivo.

Das 4.312 empresas pertencentes as confrarías galegas, o 41% corresponden a actividade de marisqueo e flote, o 33% a artes menores da pesca, ou pesca tradicional, e case o 13% a outros (bateas..).

No ano 2018 en Galicia había un total de 3.792 permisos para o marisqueo, 34 menos que no ano 2015. Esta redución prodúcese nos marisqueos asinados as mulleres, que pasaron dos 2.980 no ano 2015 aos 2.722 no ano 2018, polo tanto -258 permisos.

A distribución de permisos, por xénero, mostra que as mulleres mariscadoras teñen unha idade media máis elevada ca dos homes, aínda que para eles, parece que estase a elevar a idade media tamén, o que se terá que ir analizando nos próximos anos.

O maior número de permisos de marisqueo á pe concéntrase na provincia de Pontevedra (case o 57% do total), cun total de 2.157 permisos no ano 2018, que son xestionados por un total de 18 confrarías e unha O.P.P.

A provincia que segue, polo seu peso no total dos permisos galegos é A Coruña con 1.595 que representan o 42% do total e que son xestionados por 31 confrarías, 2 agrupacións do mar e 1 cooperativa do mar.

A provincia de Lugo é na que se detecta unha menor actividade marisqueira, con 40 permisos representa o 1% do total. A confraría con maior número de permisos é a de Ribadeo (18), e as outras 4 confrarías e 1 asociación de mariscadores terían os 22 permisos restantes.

A súa misión é agrupar, representar, impulsar, e fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico no marco da ES. Forma parte do Consello Galego de Economía Social e do Consello Galego de Cooperativas.

Unión de Cooperativas Galegas do Transporte – UCOGATRA

Constitúese formalmente no ano 2011, e na actualidade está integrada por 29 cooperativas que agrupan a máis de 500 camións. Representa a profesionais do camión autónomos galegos, pequena e mediana empresa do transporte por estrada que decide asociarse en cooperativas como única vía factible para a supervivencia do sector.

Ten como prioridades o fortalecemento do cooperativismo no sector, a defensa dos intereses das cooperativas asociadas fronte a administración e posibles terceiros, mellorar a competitividade no contexto nacional e internacional e axudar no relevo xeracional, que supón unha das problemáticas actuais máis importante.

Asociacionismo da economía social

No resto do asociacionismo existen unha única organización representativa por cada unha das familias.

Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia – AESGAL.

Nace en xullo de 2009 e agrupa ás sociedades laborais galegas. Na actualidade conta con un total de 25 entidades socias que se estruturan en dous órganos: a asemblea, que é o máximo órgano de decisión eliberación, do cal forman parte todas as empresas socias e a comisión executiva que é o órgano de dirección e representación da entidade.

A súa misión é a de defensa, promoción, consolidación e representación das sociedades laborais en Galicia para o cal poñen en marcha diferentes iniciativas e servizos con este fin.

As súas entidades asociadas xeran traballo para case 300 persoas e suman un volume de facturación de 21,8 millóns de euros.

Asociación empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro – CEGASAL.

Nace no ano 1997 e na actualidade intégrana vinte e seis centros especiais de emprego de iniciativa social repartidos pola xeografía galega. Proxectase en catorce sectores produtivos entre os que se atopan: artes gráficas, alimentación, medio ambiente, distribución, téxtil, consultaría ou recursos humanos, que dan traballo a redor de 1.500 persoas.

O seu principal obxectivo é fomentar o emprego de calidade entre as persoas con discapacidade. En consecuencia, as súas prioridades céntranse na creación de novos centros especiais de emprego no rural e orientados ás mulleres, xa que estes son colectivos que sofren dobres ou triplas discriminacións. Tamén centra a súa actividade na vixilancia do cumprimento da normativa de contratación pública xa que esta establece, dende o anos 2018, unha serie de criterios que favorecen a promoción do emprego inclusivo e solidario.

Asociación de empresas de inserción – AEIGA.

Fundada en 2007 coincidindo coa aprobación da normativa que regula as empresas de inserción en Galicia, agrupa a sete das dez empresas de inserción existentes na comunidade. Nace co obxectivo de impulsar o fomento e a difusión das Empresas de Inserción Laboral como modelo de loita contra a exclusión social, e como ferramenta de inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Na actualidade centran parte do seu traballo no fomento da contratación mediante contratos reservados e cláusulas sociais.

Federación galega de confrarías de pescadores.

Nace no ano 2004 por iniciativa das federacións provinciais de A Coruña, Pontevedra e Lugo e na actualidade intégrana 63 confrarías de pescadores e representa a 12.500 persoas que están asociadas ás mesmas (colectivos profesionais dende marisqueo á pesca). Está baseada nos principios de independencia e autogoberno, sempre coa obriga da representación paritaria entre a parte económica (empresariado) e social (persoas traballadoras) e están suxeitas á tutela da Administración Pública Galega.

A Federación conta con tres órganos de goberno: a Xunta Xeral, o Comité Executivo e a Presidencia. O primeiro está formado por todos os patróns e patroas maiores de Galicia, así como polas persoas de ostentan o cargo de vicepadroado. No caso do Comité Executivo intégranos 12 vogais, catro por cada unha das Federacións provinciais.

Ten como finalidade a de canalizar proxectos e accións institucionais que melloren as condicións de traballo, que modernicen os procesos ou o desenvolvemento da acuicultura e a potenciación dos recursos marisqueiros.

Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACMM)

A súa asemblea constituínte que tivo lugar na cidade de Vigo o 16 de xaneiro de 1999. O seu nacemento veu impulsado po unha das conclusións 1ª Congreso Galego de comunidades de montes que tivo no concello de Poio os días 24 e 25 de maio de 1997 e que foi organizado polas comunidades de montes veciñais en man común de Vigo ,Val Miñor e o Morrazo .

Na actualidade, está formado por 162 comunidades de montes situadas maioritariamente na provincia de Pontevedra. Así as zonas nas que ten presenza son: Baixo Miño, Val Miñor, Vigo, Morrazo, Pontevedra, Salnés, Barbanza e Baixa-Limia.

Segundo os seus estatutos, a ORGACMM traballa na consecución dos seguintes obxectivos:

- 1) A defensa do monte veciñal en comunidade xermánica como realidade singular de Galicia, en tódolos aspectos, e especialmente no xurídico-legal, económico, social e medio- ambiental.
- 2) A esixencia a tódolos organismos públicos e privados, e especialmente á Administración galega, do cumprimento da lexislación vixente sobre o monte veciñal.
- 3) A toma de decisións en común ante os problemas, de calquera índole, que afectan á propiedade veciñal. Tamén o posicionamento común das comunidades de montes de Galicia ante as iniciativas lexislativas, políticas, sociais ou económicas que afecten no futuro á titularidade, usufruto ou explotación dos recursos do monte veciñal.
- 4) Servir de voceiro das comunidades ante organismos públicos e privados sobre tódolos aspectos que incidan na situación da propiedade veciñal, na política forestal e na lexislación colateral.
- 5) A loita pola devolución dos montes veciñais en man común ós seus lexítimos donos.
- 6) A defensa da vocación histórica do monte veciñal.
- 7) O fomento dun sentimento de apoio e solidariedade entre as comunidades de montes.
- 8) Promover a creación de mancomunidades de montes veciñais en man común de base territorial inferior.
- 9) Promover o recoñecemento da parroquia como entidade xurídico-administrativa no marco xeral do ordenamento do territorio galego.

Os órganos consultivos

En Galicia tamén existen dous órganos consultivos e asesores para as actividades relacionadas coa ES e coa promoción e difusión desta: o Consello Galego de Economía social

e o Consello Galego de Cooperativas. Ambos espazos nacen co obxectivo principal de se establecer como foros de comunicación e diálogo que favorezan a participación do conxunto do sector da ES no primeiro, e do cooperativismo en particular no segundo.

O Consello Galego de Economía Social

Creado pola lei 6/2016, de 4 de maio, de Economía Social de Galicia, non comeza o seu funcionamento ate xaneiro de 2019. Está regulado no capítulo III da citada lei, que nos arts. 9 e seguintes establecen as súas funcións, composicións e se determina o seu funcionamento. Establécese a súa integración na Administración Xeral da Comunidade Autónoma, a través da consellería competente en ES, pero sen participar na súa estrutura xerárquica.

O Consello créase como órgano consultivo e asesor para as actividades relacionadas coa ES, especialmente no ámbito da súa promoción e difusión. O Consello tamén promoverá o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da ES, e será a canle principal de participación das entidades adscritas a ela.

As funcións do consello son as seguintes (art. 10):

- a) Asesorar, cando sexa requirido para iso, na planificación, no fomento, na coordinación e na execución dos programas de promoción e difusión da ES, en especial mediante a elaboración de recomendacións.
- b) Emitir informe, con carácter facultativo e non vinculante, sobre os proxectos de normas reguladoras que afecten as entidades da ES galega.
- c) Elaborar estudos e propostas sobre cuestións que afecten a ES en Galicia, así como os informes que con carácter facultativo e non vinculante lle soliciten as autoridades competentes sobre esta materia.
- d) Colaborar na elaboración e avaliación dos programas de desenvolvemento da ES, cando sexa requirido para isto.
- e) Formular e emitir informe sobre as propostas de incorporación ou exclusión no Catálogo galego de entidades da ES de tipos de entidades da ES.
- f) Orientar a cooperación empresarial entre as entidades que forman parte da ES.
- g) Asesorar, cando sexa requirido para iso, na integración e coordinación da promoción da ES coas demais políticas públicas, en especial coas dirixidas á creación de emprego, ao fomento do emprendemento e ao desenvolvemento local e rural.
- h) Velar pola promoción e pola axeitada aplicación dos principios da ES expresados nesta lei.
- i) Todas aquelas funcións que veñan determinadas por disposicións legais ou regulamentarias.

O Consello está formado por 24 persoas designadas de xeito paritario, entre as que forman parte da ES e aquelas persoas que non o fan. Destaca a participación do cooperativismo, que conta con 6 postos. Os nomeamentos son realizados pola persoa que ostente

o cargo de conselleiro ou conselleira competente na materia e o mandato será por un total de catro anos.

O Consello funcionara en Pleno e a través de comisións de traballo. Correspóndelle ao Pleno aprobar as normas de réxime interno, constituír as comisión así como calquera outra función que sexa precisa para cumprir os seus obxectivos.

Cabe destacar tamén que este Consello crease sen asignación orzamentaria e é a propia norma, na súa disposición adicional cuarta a que establece que non *"xerarán incrementos das consignacións orzamentarias no departamento ao que se adscribe"*.

Por último, a disposición adicional primeira da lei 6/2016, de 4 de maio, de Economía Social de Galicia, establece a necesaria coordinación entre este organismo e o Consello Galego de Cooperativas, que se levará a cabo a través dunha comisión específica formada por 6 persoas, nomeadas de forma paritaria entre as persoas integrantes de cada un dos ditos órganos e unha presidencia designada pola consellaría competente en materia de ES.

O Consello Galego de Cooperativas

A lei de 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia atribúe unha serie de funcións e competencias ao Consello Galego de Cooperativas, máximo órgano de promoción, difusión e representación do cooperativismo, e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que lle corresponden en exclusiva as funcións de carácter consultivo e asesor das administracións públicas galegas, naqueles temas que afecten o cooperativismo.

Regulase na Lei 5/1998 e no Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que establece a súa organización e funcionamento. Esta formado por 16 persoas en número paritario entre as que proveñen do cooperativismo e das restantes administracións que o compoñen (goberno autonómico, local e universidades).

Segundo o artigo tres do decreto 25/2001 correspóndelle ao Consello Galego de Cooperativas:

- a) Facilitar e colaborar na investigación, planificación e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo, prestando un especial interese polos programas da UE, así como promover a educación e formación cooperativa.
- b) Elaborar propostas, ditames e informes en relación coas cuestións que afecten ó cooperativismo.
- c) Realizar estudos e impulsar as accións encamiñadas a facilitar a intercooperación.
- d) Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre os proxectos de disposicións legais e regulamentarias e demais normas que afecten directamente ás cooperativas ou as súas organizacións, así como procurar a súa difusión.
- e) Contribuír ao perfeccionamento do réxime legal e institucional do ordenamento socioeconómico da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Conciliar e exercer a arbitrase nas cuestións litixiosas que se susciten entre cooperativas, entre estas e os seus socios, ou no seo delas entre os seus socios, cando

ámbalas partes o soliciten ou ben estean obrigadas a iso en razón ó establecido nos seus estatutos.

- g) Promover a educación e formación cooperativa nos distintos niveis do sistema educativo xeral.
- h) Exercer todas as accións que resulten necesarias para percibir os fondos irrepartibles, así como o remanente do haber líquido social das cooperativas.
- i) Percibir, planificar e xestionar mediante un programa específico os fondos de formación e promoción nos supostos previstos na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- j) As demais funcións que lle atribúa a Lei de cooperativas de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

O Consello funcionará en pleno e en comisión permanente podendo crear ademais comisións de traballo. Para o seu financiamento o Consello contarán coa cantidades asignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e as cantidades que procedentes dos suposto da Lei 5/1998, concretamente os que proveñan das liquidacións des cooperativas.

12.5.Referencias bibliográficas

- Chaves, R.; Calvo, R.; Fajardo, G.; Monzón, J.L. e Valdés, F. (2011). La loi espagnole de l'économie sociale. *Revue internationale de l'économie sociale*, 321, 21-24.
- Chaves, R. e Cardona, M.C. (2008). Políticas de fomento de la economía social: el caso de la Comunidad Autónoma de Andalucía. *27 Congreso Internacional de CIRIEC sobre economía pública, Social y Cooperativa*, Sevilla.
- Chaves, R., y Savall, T. (2013). La insuficiencia de las actuales políticas de fomento de cooperativas y sociedades laborales frente a la crisis en España. *REVESCO Revista de Estudios Cooperativos*, 113, 61-91.
- Chaves, R., Navarro, A.M. e Arcas, N. (2011). Políticas públicas y desarrollo de la economía social. Especial atención al caso de la Región de Murcia. *III Congreso Internacional de Investigación en Economía Social de CIRIEC*
- Chaves, R. (2007). *La economía social en las políticas públicas en España*. CIRIEC España. Disponible en http://www. empleo. gob. es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/NoticiasDoc/NoticiasPortada/ES_politicas_publicas_2007. pdf.
- Chaves, R, Savall, T. e Monzón, J.L. (2016). La política presupuestaria de fomento de la economía social en un contexto de austeridad. *Presupuesto y Gasto Público*, 85, 89- 106
- Comité Económico e Social (2018). *Buenas prácticas en las políticas públicas relativas a la economía social europea tras la crisis económica. Síntesis*, CIRIEC internacional.
- Fajardo, G. (2012). El fomento de la Economía Social en la legislación española. *REVESCO: Revista de Estudios Cooperativos*, 107, 58-97.

- Fernández, J.; Martín, S. e Lejarriaga, G. (2010). Retos del trabajo autónomo para afrontar una crisis económico-financiera. *Revista Economistas*, 124, 99-113.
- Ferreiro, J., Del Valle, M. G., e Gómez, C. (2012). Similarities and differences in the composition of public expenditures in the European Union. *Journal of economic issues*, 46(3), 633-660.
- Lejarriaga, G e Martín, S. (2010). Las sociedades laborales. En Monzón, J. L (Director) (2010). *La Economía Social en España en el año 2008*. CIRIEC-España, Valencia
- Monzón, J. L., Calvo, R., Chaves, R., Fajardo, G. e Valdés, F. (2009). *Informe para la elaboración de una Ley de fomento de la Economía Social*, CIRIEC -Ministerio de Trabajo e Inmigración
- Vaquero, A. (2017). Actuaciones fiscales en materia de emprendimiento: resultados y líneas de mejora. *Presupuesto y Gasto Público*, 88, 163-181.
- Vérgez, J. C. (2019). La proyección de la nueva Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del sector público, sobre el ámbito de la Economía social: un nuevo marco regulatorio para las entidades del tercer sector. *Revista Aranzadi Doctrinal*, (4), 6.

Xunta de Galicia (Varios anos). *Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia*

Normativa

- Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.
- Decreto 225/2012, do 15 de novembro, de creación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e a regulación do seu funcionamento
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.
- Real Decreto 1044/1985, de 19 de xuño, polo que se regula o abono da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único polo valor actual do seu importe, como medida de fomento do emprego.
- Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- Decreto 430/2001, de 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
- Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.
- Resolución del 15 de marzo de 2018, de la Secretaría de Estado de Empleo, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 29 de diciembre de 2017, por el que se aprueba la Estrategia Española de Economía Social 2017-2020.

13. AS ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA MÁIS REPRESENTATIVAS NO CONTEXTO NACIONAL

13.1.Introdución

A *Confederación Empresarial Española de la Economía Social* (CEPES) publicou este ano un informe sobre as empresas da Economía Social máis relevantes no escenario socio económico español para visibilizar o tecido empresarial da ES, a súa pluralidade de fórmulas xurídicas e a súa presenza no territorio.

O estudo non pretende ser un listado exhaustivo, senón que trata de recoller algunhas das empresas que foron seleccionadas polos socios de CEPES e que tratan de ser un exemplo da pluralidade e diversidade do tecido produtivo da ES.

Son empresas que están presentes en todos os sectores económicos, de todos os tamaños, e de todas as familias que conforman a ES. Empresas que, en palabras de CEPES, entidade que conforman este modelo económico, onde a eficiencia empresarial (e a súa presenza en mercados internacionais onde compiten) combínanse cos valores de solidariedade, responsabilidade e cohesión social.

O traballo fíxose a través de unha enquisa aos socios de CEPES, entidade representativa da Economía Social en España, con 42.140 empresas asociadas cunha facturación que representa o 10% do PIB e xera máis de 2 millóns de empregos directos e indirectos, tal e como se recolle na súa web.

No estudo analízanse os datos das empresas recollendo: o tipo de empresa, sector económico, número de empregos, facturación e territorio (CC. AA.). Con estes datos, establécese un ranking de empresas para as familias consideradas: Cooperativas, Sociedades Laborais, Mutualidades, Centros Especiais de Emprego, Empresas de Inserción, Confrarías de pescadores, Asociacións da Discapacidade e Fundacións.

Nesta sección, recollemos, dentro das distintas familias contempladas por CEPES, a situación relativa das empresas galegas, cos seus principais datos, para visibilizar a situación da nosa ES no contexto estatal.

13.2.Cooperativas

Das 958 empresas analizadas por CEPES, 598 son Cooperativas, que representan o 63,6% da mostra recollida no traballo.

Na táboa 13.1. recóllese un resumo das cooperativas por sector de actividade e tamaño empresarial: Gran empresa (máis de 250 empregos), mediana (entre 50 e 249), pequena (entre 10 e 49) e microempresa (menos de 10). Algunha das cooperativas non ten declarado o número de empregos polo que se recolle como N.D.

Táboa 13.1. Número de Cooperativas máis relevantes en España segundo sector de actividade e tamaño

POR SECTOR	Grande	Mediana	Pequeña	Microempresa	ND	Total
Agricultura	55	95	131	21	2	304
Industria	9	3	6	3	0	21
Construcción	53	98	17	1	0	169
Servicios	17	27	39	20	0	103
TOTAL	134	223	193	45	2	597
Porcentaxes	Grande	Mediana	Pequeña	Microempresa	ND	Total
Agricultura	18,1	31,3	43,1	6,9	0,7	100,0
Industria	42,9	14,3	28,6	14,3	0,0	100,0
Construcción	31,4	58,0	10,1	0,6	0,0	100,0
Servicios	16,5	26,2	37,9	19,4	0,0	100,0
TOTAL	22	37	32	8	0	100

Fonte: Elaboración propia a partir de CEPES (2019)

Analizando os datos de CEPES, das cooperativas recollidas na súa selección, o 50,9% son agrarias, o 28,3% do sector da construción, o 17% operan en servizos e o 3,5% restante son do sector industrial. As cooperativas recollidas, segundo o tamaño e sector, presentan diferenzas significativas. Nos sectores agrario e de servizos, destaca unha maior porcentaxe de cooperativas pequenas, mentres que na industria a maior presenza é de cooperativas grandes e na construción son empresas de tamaño mediano. No seu conxunto, o 22% das cooperativas salientadas son de tamaño grande, o 37% de tamaño mediano, o 32% pequenas e o 8% son microempresas.

Na táboa seguinte, recóllense as Cooperativas galegas que aparecen no ranking publicado por CEPES, segundo a súa posición no conxunto español, o seu sector de actividade,

facturación e emprego. Son 21 cooperativas galegas, que representan o 3,5% das recollidas para o conxunto do Estado, e que operan en dous sectores de actividade: 10 en agricultura e 11 no sector da construción. Destas empresas, unha é de tamaño grande e opera no sector agrario (Coren), 12 son medianas (5 do sector da agricultura e 7 da construción) e 8 son de tamaño pequeno.

Hai que sinalar que este traballo realízase antes da fusión de tres das cooperativas agrarias recollidas no ranking (Feiraco no posto número 42, Os Hirmandiños no posto 164 e Melisanto no 293). Se o estudo fixérase recollendo os resultados de CLUN (cooperativa resultante da fusión) sumando as facturacións recollidas na táboa, para as tres cooperativas que a compoñen, CLUN pasaría o posto 35 dentro das maiores cooperativas de España.

Táboa 13.2. Cooperativas galegas no ranking de CEPES

Núm. Orde	Cooperativa	Sector	Facturación (millóns euros)	Emprego
4	COREN, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	1.000,00	3.240
42	FEIRACO, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	110,69	109
93	COGAL, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	54,56	145
109	ICOS, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	48,41	114
164	OS HIRMANDIÑOS, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	34,45	94
177	AGRIS, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	28,96	49
214	VITICULTORES MARTÍN CÓDAX, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	24,21	42
293	MELISANTO, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	17,76	39
342	COBIDEZA, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	15,55	17
347	XALLAS- SANTA COMBA, S. COOP. GALEGA	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	15,34	23
393	EIRÍS OFIMATICO	Construción	12,00	209
420	XESCOMAR VALDECORVOS	Construción	8,44	147
436	GALIVIVIENDA	Construción	7,20	125
466	HABITAT NOVO CASTIÑEIRIÑO	Construción	5,10	89
473	GALIVIVIENDA S.COOP. 18	Construción	4,50	78
476	GALIVIVIENDA S.COOP. 21	Construción	4,20	73
488	RESIDENCIAL SAR	Construción	3,70	64
518	XESCOMAR ALFONSO XIII	Construción	2,30	40
519	RESIDENCIAL BOUZAS	Construción	2,15	37
523	GALIVIVIENDA S.COOP. 12	Construción	1,90	33
538	GALIVIVIENDA S.COOP. 6	Construción	1,50	23

Fonte: Elaboración propia a partir de CEPES (2019)

13.3.Sociedades Laborais

Das 958 empresas analizadas por CEPES, 206 son Sociedades Laborais, que representan o 21,5% da mostra recollida no traballo.

Na táboa 13.3. recóllese un resumo das Sociedade Laborais por sector de actividade e tamaño empresarial: Gran empresa (máis de 250 empregos), mediana (entre 50 e 249),

pequena (entre 10 e 49) e microempresa (menos de 10). Algunha das cooperativas non ten declarado o número de empregos polo que se recolle como N.D.

Das 206 Sociedades Laborais recollidas, por CEPES, como as máis salientables en España, a maior representación a seguen a ter aquelas con actividade no sector agrario, se ben a porcentaxe descende ao 35% (fronte ao case 51% das cooperativas). En segundo lugar, temos as que teñen a súa actividade no sector industrial, que representan case o 30% do total (aumentando moito o peso que teñen as cooperativas neste sector (do 3,5%). O sector servizos tería o 26,7% das Sociedades Laborais recollidas no ranking e, por último, só hai un 8,7% destas empresas que operan no sector da construción.

O tamaño medio, segundo o número de empregados, diminúe moito en comparación cos datos das cooperativas analizadas na sección anterior. As grandes empresas só representan o 2,4%, as medianas o 9,2%, sendo a empresa pequena a claramente imperante ao representar case o 82% do total.

Das empresas recollidas neste estudo, 12 son galegas, representando o 5,8% do total. As Sociedades Laborais galegas máis salientables, segundo CEPES, operan maioritariamente no sector da Agricultura (6), na industria (5) e só aparece 1 do sector servizos. Só 1 é mediana e opera no sector industrial. O resto son empresas pequenas.

Táboa 13.3. Número de Sociedades Laborais máis relevantes en España segundo sector de actividade e tamaño

POR SECTOR	Grande	Mediana	Pequeña	Microemp	Total
Agricultura			71	1	72
Industria		10	47	4	61
Construcción		1	16	1	18
Servicios	5	8	34	8	55
TOTAL	5	19	168	14	206
Porcentaxes	Grande	Mediana	Pequeña	Microempresa	Total
Agricultura	0,0	0,0	98,6	1,4	100
Industria	0,0	16,4	77,0	6,6	100
Construcción	0,0	5,6	88,9	5,6	100
Servicios	9,1	14,5	61,8	14,5	100
TOTAL	2,4	9,2	81,6	6,8	100

Fonte: Elaboración propia a partir de CEPES (2019)

Táboa 13.4. **Sociedades Laborais galegas no ranking de CEPES**

Núm. Orde	Sociedade Laboral	Sector	Facturación (millóns euros)	Emprego
20	GENERADORES EUROPEOS SAL	Industria e Enerxía	7,76	35
66	PENICHE MAR SLL	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	4,78	18
83	PARENTE Y PRADO SLL	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	4,72	17
98	NO ME ESTORBES SLL	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	4,67	16
102	PESQUERA MAR DE ESPERANZA SLL	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	4,66	19
117	EXPLOTACION MAHIA PORTO SLL	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	4,60	19
144	TRAZA PROYECTOS INGENIERIA SLL	Industria e Enerxía	4,53	21
147	ERRUAL SLL	Ag., Gand., Silvic. e Pesca	4,52	17
163	NOR RUBBER SAL	Industria e Enerxía	4,50	100
180	MUEBLES BLANCO Y PEREIRAS SLL	Industria e Enerxía	4,45	23
199	KRUG NAVAL SAL	Industria e Enerxía	2,91	23
203	LUGAR DE VEIGA SLL	Servizos	1,48	22

Fonte: Elaboración propia a partir de CEPES (2019)

13.4. Centros Especiais de Emprego.

Das 958 entidades seleccionadas por CEPES, 94 (o 9,8%) son Centros Especiais de Emprego, cunha actividade empresarial encadrada, moi maioritariamente (91%) no sector servizos. O sector industrial acolle ao 8% dos CEE seleccionados neste estudo. O resto dos sectores non teñen representación.

O 24,5% dos CEE seleccionados terían máis de 500 traballadores (22 no sector servizos e 1 na industria). A empresa mediana volve a ser a máis representativa, co 40% das empresas. As empresas pequenas (entre 10 e 49 traballadores) representan o 28,7% do total e as microempresas só el 6%.

Táboa 13.5. **Número de Centros Especiais de Emprego máis relevantes en España segundo sector de actividade e tamaño**

POR SECTOR	Grande	Mediana	Pequeña	Microemp	Total
Industria	1	3	3	1	8
Servicios	22	35	24	5	86
TOTAL	23	38	27	6	94
Porcentaxes	Grande	Mediana	Pequeña	Microemp	Total
Industria	12,5	37,5	37,5	12,5	100
Servicios	25,6	40,7	27,9	5,8	100
TOTAL	24,5	40,4	28,7	6,4	100

Fonte: Elaboración propia a partir de CEPES (2019)

Dentro do ranking, o primeiro CEE galego en aparecer é Coregal, empresa mediana do sector da industria e da enerxía, no posto 26. Outra galega, tamén industrial, Hornos de Lamastelle, S.A. aparece no posto 34. As restantes empresas recollidas operan no sector Servizos e, salvo 1, son todas empresas pequenas.

Táboa 13.6. Centros Especiais de Emprego galegos no ranking de CEPES

Núm. Orde	Centro Especial de Emprego	Sector	Facturación (millóns euros)	Emprego
26	COREGAL, S.L.U.	Industria e Enerxía	7,35	176
34	HORNOS DE LAMASTELLE, S.A.	Industria e Enerxía	4,58	89
49	COMBINA SOCIAL, S.L.	Servizos	2,00	162
57	GALEGA DE INTEGRA-TEX, S.L.U.	Servizos	1,40	26
68	ACTIVA SOCIAL E.T.T. ,S.L.	Servizos	1,02	47
70	ACCEDE SOCIAL, S.L.U.	Servizos	0,94	61
71	GALEGA DE ECONOMIA SOCIAL, S.L.	Servizos	0,94	27
72	COREGAL PARQUES E XARDINS, S.L.	Servizos	0,89	38
76	EMPREGO SOCIAL	Servizos	0,69	57
82	ACEESCA EMPREGO SL	Servizos	0,39	24

Fonte: Elaboración propia a partir de CEPES (2019)

13.5.Outras entidades da Economía Social recollidas no estudo.

No estudo tamén se recolle o ranking de outras entidades da Economía Social en España como: As mutualidades (26), Empresas de Inserción Laboral (18), Grupos Empresariais (8) e Confrarías de pescadores (9). Salvo no último caso, non aparece recollida ningunha empresa galega.

No caso das mutualidades, aparecen numerosas relacionadas con diversas profesións: avogacía, medicina, procuradores, policía ou deportistas profesionais, as cales, maioritariamente teñen a súa sede en Madrid.

Os grupos empresariais recollidos, son poucos, pero todos eles de gran tamaño, representando o 43% do total das entidades analizadas. Nestes grupos están recollidas nomes como Cajamar ou a corporación Mondragón.

No caso das confrarías, Galicia sitúase no primeiro lugar do ranking, evidenciando o peso do mar na nosa economía.

Táboa 13.7. Confrarías de Pescadores no ranking de CEPES

Núm. Orde	CONFRARÍAS	Facturación (millóns euros)
1	GALICIA	137,06
2	Cataluña	100,43
3	Comunidade Valenciana	100,13
4	Andalucía	65,95
5	Asturias	23,84
6	Baleares	20,11
7	Murcia	15,74
8	Islas Canarias	4,95
9	Cantabria	3,95

Fonte: Elaboración propia a partir de CEPES (2019)

13.6.Referencias bibliográficas

CEPES (2019). Las empresas más relevantes de la Economía Social 2017-18.

14. RESUMO EXECUTIVO

14.1. Resumo xeral

A Economía Social está adquirindo unha presenza cada vez máis consolidada no panorama económico e político europeo, español e galego. Máis aló das cifras ou conclusións que imos a resumir, son, as súas características as que permiten priorizar as persoas sobre o capital, crear empregos de calidade, con fórmulas de goberno democráticas, e todos os demais principios que se recollen, tanto na Lei galega como a española, o que fan que sexan entidades de interese para toda a sociedade, xa que conforman un modelo de desenrolo económico e empresarial máis sostible e máis igualitario.

Táboa 14.1. Principais datos das Entidades de Economía Social en Galicia

TIPO DE ENTIDADE DA ES	Número entidades	Empregos	Socios/comu-neiros/mutua-listas
Cooperativas	1.334	8.960	33.144
Sociedades Laborais	473	2.597	
Centros Especiais de Emprego	118	2.680	
Empresas de Inserción	10	87	
Confrarías	63	8.422	
Sociedades Agrarias de Transformación	1.125		10.557
Comunidades de Montes Veciñais en Man Común	2.994		19.848
Mutuas	4	10	6.767
ONCE	1	2.148	3.804
TOTAL	4.788	24.904	74.120

Fonte: Elaboración propia a partir das diversas fontes estatísticas utilizadas no traballo

Na Comunidade Autónoma de Galicia na actualidade desenrolan a súa actividade 1.334 cooperativas, 749 Sociedades Laborais, 118 Centros Especiais de Emprego, 11 Empresas de Inserción, 63 confrarías que operan en 41 lonxas de peixe, 1.134 SATs, 2.994 CMVMC e 4 Mutualidades (con sede en Galicia), ao que hai que sumar a actividade de ONCE na nosa comunidade autónoma. Conxuntamente suman 4.788 entidades, cun volume de emprego estimado de 24.904 persoas e 74.120 socios, comuneiros ou mutualistas (segundo o tipo de entidade). Se contabilizamos os datos de emprego xerado polos CEE 2.466 empregos son ocupados por persoas con discapacidade, dos cales, 1.648 son xerados polos CEE da ES. No caso das Empresas de Inserción hai que valorar que 58 dos 87 empregos xerados, os ocupan persoas que estaban en risco de exclusión social (14 mulleres e 44 homes).

Neste estudo non foi posible completar toda a información para cuantificar, con maior exactitude, a aportación do sector da ES de mercado ao PIB galego, pero temos unha foto bastante completa que xa da unha idea da súa importancia para a nosa comunidade, foto na que seguiremos traballando para melloralala e actualizala en traballos posteriores.

O primeiro dato que aproxima o peso do sector o podemos atopar na Estratexia Galega de ES (2018-20) da Xunta de Galicia que recolle que só entre as Cooperativas e as Sociedades Laborais estaríamos a falar de entorno ao 4,67% do PIB galego. Se collemos a información recollida nas Estatísticas de Economía Social, publicadas polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, a partir dos datos fiscais das Cooperativas e as Sociedades Laborais, no primeiro caso a produción estimada é de 2.467.015 miles de euros, o que representa o 4,38% do PIB galego (dato de CRE), porcentaxe que iguala ao dato recollido para o total español na mesma estatística. No caso das Sociedades Laborais, a produción estimada para Galicia é de 389.518 miles de euros, o que representa o 0,69% do PIB, porcentaxe inferior ao que presentan o conxunto de estas entidades en España, que se eleva ao 0,93%. En calquera caso, a suma destas dúas familias acadaría o 5,07% do PIB.

No caso dos Centros Especiais de Emprego, no ano 2017, tiveron 380.520 mil euros de ingresos, procedendo 237.148 mil euros dos CEE da ES (o 62%) e os 143.373 mil euros restantes dos CEE da economía capitalista.

Nese mesmo ano, as Empresas de Inserción galegas facturaron por 1.614 mil euros.

O dato económico para as confrarías, recóllese a partir das vendas nas 41 lonxas galegas que ascendeu aos 490 millóns de euros.

Sumando os ingresos das tres entidades anteriores, estamos a falar dunha cifra que supera os 870 millóns de euros, superando os 882 se incluímos as mutuas. Este volume de ingresos representa o 1,6% do PIB galego.

No caso das Sociedades Agrarias de Transformación, importante fórmula asociativa no rural, as 1.125 entidades posúen un capital social de 62,9 millóns de euros, o que representa case o 6% do total de SATs de España.

Outras entidades recollidas na Lei Social de Galicia son as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) e as Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común, fórmulas asociativas de explotación forestal que se configuran como un dos principais motores de emprego a nivel local, xa que preto de 700.000 hectáreas (3.312 montes

que representan case o 25% do territorio galego) corresponde a monte veciñal de man común. As 2.994 CMVMC (nas súas 1.137 agrupacións) e con 19.848 comuneiros, xeran uns ingresos medios de 44.499 euros, o que indica o potencial non só social, senón económico no rural galego.

No ano 2019 (en abril) había 28 Mutuas de Seguros de ámbito nacional, unha ten a súa sede en Galicia, a “Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo”. A esta, hai que engadir outras tres, de ámbito territorial. O seu volume de negocio (primas devengadas) superou os 10 millóns de euros no ano 2018.

O caso singular da ONCE (dado que non é unha entidade con sede en Galicia), merece unha atención especial para ver o seu impacto na nosa Comunidade Autónoma, que segundo os datos aportados ascenden a un valor engadido bruto de 36,2 millóns de euros, o 5,2% do total en España.

A continuación, recollemos as principais conclusións as que o equipo de investigadores chegou, a partir da información dispoñible. Neste sentido é importante continuar coa mellora das estatísticas oficiais que recollan información actual e comparable para todas as entidades que conforman a Economía Social, e que servirían para mellorar os traballos de estas características que teñen, como finalidade, visibilizar e impulsar ao sector.

14.2. Contexto xurídico

- España e a Comunidade Autónoma Galega contan con artigos explícitos de mandato aos poderes públicos para o fomento do cooperativismo e a economía social. Son, respectivamente, o art. 129.2 da Constitución e o art. 80 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Institucións Europeas como o Parlamento Europeo e o Comité Económico e Social Europeo recoñeceron o papel da economía social para a cohesión social, o desenvolvemento económico sustentable e inclusivo e activaron nos únicos anos varias medidas de alcance europeo, como o deseño do marco conceptual da economía social adecuada ao sistema europeo de contas nacionais (SEC-2010).
- Na Economía Social Galega inciden diversas políticas públicas procedentes da actuación de diferentes niveis de goberno: europeo, estatal, rexional e local. Con todo, a nivel autonómico, Galicia conta con normativas importantes en materia de economía social entre as que destacan a Lei 6/2016, da Economía Social de Galicia e a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia. Así mesmo existe normativa galega reguladora doutras entidades de economía social como son os centros especiais de emprego, as empresas de inserción, as fundacións de interese galego, as confrarías de pescadores e as sociedades agrarias de transformación.
- A Economía Social Galega dispón de estruturas de apoio ás cooperativas e outras entidades, a través da Administración Autonómica, que ofrecen asesoramento inicial, financiamento para a incorporación de socios e xestión empresarial. Así mesmo, existen unións de cooperativas, fundacións, centros de desenvolvemento e cámaras

de comercio que ofrecen servizos técnicos e de consultoría ademais de representarlles ante as administracións públicas.

- Desde o ano 1998, producíronse situacións sociais, xurídicas e económicas que modificaron o panorama da economía social. Neste sentido, é necesario destacar, por exemplo,
 - A fusión e concentración demutualidades e a súa integración regulatoria na normativa de entidades aseguradoras determinou un cambio no día a día das mesmas, cun fuertísimo control das Administracións Públicas. Así mesmo, esa situación de tripla regulación: comunitaria, estatal e autonómica lévanos á necesidade de adecuar e concordar dita normativa autonómica á realidade xurídica global.
 - Esta situación é equivalente no caso das caixas de aforro. Neste caso, hoxe en día hai unha única entidade financeira de aforro en Galicia, que concretamente é unha cooperativa, polo que se debe manifestar a necesidade dunha regulación específica á marxe da xenérica estatal para así adaptar a normativa á situación galega, dado que a única regulación concreta é a disposta nuns poucos artigos, principalmente o 127, da Lei de Cooperativas de Galicia.
- Así mesmo, no últimos vinte anos, houbo un importante avance no sentir social dentro da economía social, destacando:
 - A proliferación de cooperativas de traballo asociado sendo necesario a súa coordinación coa normativa estatal de seguridade social.
 - O desenvolvemento de distintas clases de cooperativas con maior, menor ou pésima fortuna.
 - A deterioración do sector agrario coa proliferación, por unha banda, de grandes cooperativas e, doutra banda, o fenómeno dominifundio cooperativo no mundo rural que dificulta o desenvolvemento empresarial.
- Se ao exposto anteriormente, sumámoslle as dificultades administrativas e burocráticas impostas para a creación e desenvolvemento de cooperativas e outras entidades de tipo social, está a dificultarse o crecemento da economía social galega. Por iso, é necesaria unha nova regulación de cooperativas consistente nunha nova lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, concordante coa nova realidade lexislativa e social, que sexan potenciadores e menos restritivos, impedindo que o fenómeno da economía social, e concretamente as cooperativas, facilite a aparición de economía subvencionada non real. Nisto é preciso non só copiar doutras autonomías senón seguir o exitoso modelo económico cooperativo portugués e outros pertencentes a países da nosa contorna.

14.3.Cooperativas

- A 31 de decembro de 2018 hai 1.334 cooperativas activas en Galicia. O ritmo de creación de novas cooperativas presenta un incremento notable no recente 2018, despois de tres anos de caída continuada.
- As cooperativas galegas contribúen cun 4,7 % do total de cooperativas inscritas na seguridade social en España, unha cantidade inferior á que lle correspondería en proporción á súa participación no PIB, na poboación estatal e no conxunto de empresas do Estado.
- As experiencias cooperativas presentan unha idade media alta: máis do 60 % das sociedades cooperativas activas en 2018 teñen unha antigüidade superior aos dez anos, o que suxire capacidade de resistencia e indica certa viabilidade das sociedades.
- A distribución territorial das cooperativas reproduce as dinámicas recentes de polarización da comunidade galega. Así, case sete de cada dez cooperativas activas localízanse nas provincias atlánticas e un incremento da importancia das cooperativas urbanas en detrimento das localizadas en áreas rurais. Neste contexto, Vigo e a súa comarca se revelan como un importante motor do cooperativismo, ante o aumento recente da súa participación relativo no tecido cooperativo.
- Se destaca, ademais, que máis do 80% dos concellos galegos teñen a lo menos unha sociedade cooperativa, o que indica a potencialidade desta figura societaria para a súa contribución a redistribución do equilibrio territorial da actividade económica.
- Máis do 75 % das cooperativas galegas activas en 2018 concéntranse en dúas clases: as de traballo asociado e as cooperativas agrarias. A dinámica recente apunta á mellora da presenza das primeiras, cuxa participación relativa aumenta de xeito notable no que levamos de década.
- Detéctase que existe unha ampla marxe de mellora na constitución e consolidación de cooperativas vinculadas a sectores estratéxicos da economía galega, como as cooperativas do mar e de explotación en común da terra. Igualmente, Detéctase unha baixa incidencia dos procesos de consolidación de cooperativas, en concreto, a creación de cooperativas de segundo grao.
- No que se refire a o número de persoas socias, destaca o volume de socios fundadores nas cooperativas agrarias. A análise dos datos nas cooperativas que presentan desagregación por sexo do número de socios revela que apresenza feminina acada o 37%, destacando o número de socias nas cooperativas de consumidores e usuarios (próxima ao 46 %).
- Case a metade das cooperativas activas sitúanse no sector servizos, pero cabe destacar que as que teñen actividades vencelladas a o sector primario teñen unha importancia relativa moi superior á que lle correspondería en función dos parámetros indicativos da representación do sector na actividade económica da comunidade autónoma galega.

- Finalmente, destaca a concentración de actividade das cooperativas en torno a tres actividades: a agricultura e a gandería, a industria manufacturera -fundamentalmente téxtil- e comercio ao por maior.

14.4. Sociedades Laborais

- No ano 2018 había 749 Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social, representando o 3,7% do total estatal.
- A maior redución preséntase nas SAL, xa que as condicións, en canto a número de socios e de capital, son significativamente superiores as esixidas para a constitución dunha SLL. En calquera caso, ambas mostran unha tendencia á abaixo no período 2009-18.
- En termos de emprego, a redución foi menor que a do número de sociedades, o que fixo que a media de traballadores aumentara no período analizado, sendo este incremento superior na media do estado que no caso galego.
- Sen embargo, se analizamos os datos de creación neta de sociedades en Galicia, a súa evolución presenta máis oscilacións, sendo negativa no ano 2009 pero reducíndose o saldo negativo nos anos analizados, o que ven explicado por unha mellora do número de sociedades rexistrados en varios anos da serie (e, particularmente, no ano 2018). Este dato está a evolucionar máis positivamente na nosa Comunidade Autónoma.
- O Ministerio de Traballo estimou que para o ano 2015 (o último dispoñible) as Sociedades Laborais galegas que acadou un valor de 127.424 mil euros. A produtividade aparente destas empresas foi, nese ao, de case 48 mil euros por persoa, acercándose á media estatal de 51 mil.
- Por sectores, en Galicia, a maior porcentaxe de Sociedades Laborais realizan a súa actividade no de Servizos (77,8%) sendo lixeiramente superior que en España (73,8%). A Construción e a Industria son os seguintes sectores, en importancia, onde as Sociedades Laborais galegas desenvolven a súa actividade (8,9%) sendo o sector agrario o menos preferido para este tipo de sociedades, 4,4% das sociedades operan neste sector (aínda que esta porcentaxe é superior que na media española, cun escaso 1,7%).
- A tipoloxía dos socios destas entidades mostran que a maior porcentaxe dos socios varóns son traballadores, acadando o 82% do total en Galicia no ano 2018 (sendo este valor moi similar no conxunto estatal). As socias traballadoras en Galicia representan o 89% do total das mulleres socias, sendo esta representación lixeiramente maior que na media de España (87%).
- As mulleres gañan peso no conxunto de socios destas entidades ao longo do período 2009 e 2018, pasando de representar o 35% ao inicio a case o 41% ao remate do mesmo. Este aumento da representatividade feminina nas Sociedades Laborais explícase polo aumento do seu peso nos socios traballadores (xa que están a perder peso, nos últimos dous anos, no caso dos capitalistas).

14.5. Empresas de Inserción

- A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia regula as empresas de inserción no ámbito galego. Atendendo ao artigo 62 de dita Lei, a Xunta de Galicia promoverá as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social, cualificación esta que será acreditada polo Sistema galego de servizos sociais.
- As empresas de inserción teñen como trazo característico o requisito de aplicación dun itinerario de inserción, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada. As accións de intervención consistirán nun conxunto de servizos, prestacións, acción de orientación, tutoría e procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo ou habituación laboral e social, encamiñados a satisfacer ou resolver problemáticas específicas derivadas da situación de exclusión.
- Desde o ano 2008, no que comezaron a rexistrarse en Galicia, fixérono 22 empresas de inserción, das cales unha tiña actividade no sector primario, dúas na industria, unha na construción e o resto no sector servizos.
- En xullo de 2019, hai 11 empresas activas. A máis nova rexistrouse este ano, pero catro delas o fixeron no 2010 ou antes. Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada. A maioría, seis, teñen a sede na provincia de A Coruña, tres en Pontevedra e dous en Lugo. En canto ás actividades desenvolvidas por estas empresas, oito delas clasifícanse no sector servizos, unha no sector primario, unha na industria e outra na construción.
- Aínda que se observa desde o 2014 unha diminución da facturación por traballador, no 2017 é de 29.034 euros. Dita diminución vai acompañada por un incremento importante na cifra de empregados, que chegan a 49 no 2017 (empregados medios). Pode dicirse que as cifras da facturación por traballador nas empresas de inserción galegas garanten que estas cumpran coa combinación de obxectivos deste tipo de iniciativas empresariais: a viabilidade empresarial e o desenvolvemento de metodoloxías que fagan posible a inserción laboral das persoas en ou en risco de exclusión.
- Segundo os datos dispoñibles (AEIGA), no 2017 increméntase o número de traballadores na modalidade de inserción, superando con creces o de traballadores que non están nesa condición. Tamén obsérvase nese último ano un incremento salientable do número e da porcentaxe de mulleres contratadas e tamén da porcentaxe de mulleres contratadas en inserción.
- A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca anualmente axudas para fomentar tanto a creación como o mantemento deste tipo de empresas. As partidas orzamentarias dirixidas aos programas de incentivos foron de 380.000 euros en 2019, manteniéndose próximas a esa cifra desde o 2017.
- As empresas de inserción supoñen unha importante aportación para a cohesión social ao facilitar a integración no mercado laboral de persoas en exclusión. Pero, ademais,

supoñen un retorno económico para as AAPP, fundamentalmente vía impostos, e un aforro para as mesmas, dado que unha parte importante das persoas traballadoras en inserción deixan de percibir a renda de integración social (RISGA). Nos datos dispoñibles (AEIGA), a suma do retorno económico e do aforro para as AAPP supera as axudas públicas recibidas por estas empresas.

14.6. Centros Especiais de Emprego

- Os Centros Especiais de Emprego forman parte da Economía Social. Son empresas que compatibilizan a viabilidade económica e a súa participación no mercado co seu compromiso social cara a colectivos con menores oportunidades no mercado de traballo. O seu persoal está constituído polo maior número de persoas con discapacidade poden ser de carácter público ou privado, con ou sen ánimo de lucro.
- Galicia contabiliza un total de 118 centros (62 de iniciativa social e 56 de iniciativa capitalista), adoptando na súa maioría a forma xurídica de Sociedade Limitada.
